

A PERMAÑENTE TREICION DO CLERO DE GALIZA

Un vello problema secular, que ven distorsionando con graves remanencias a "facies" espritoal de Galiza, remata de se por novamente de releu a raíz do inquérito levado a cabo polo xornal "Faro de Vigo" entre o clero rural galego, en col de se compre ou non o emprego do idioma do noso país nos oficios da liturxia, tal como foi derradeiramente aprobado polo Concilio Ecuménico Vaticano II.

Os que coñecemos o permañente estado de treición para os intereses de Galiza que ó longo dos tempos ten sido norma invariable do clero de Galiza, non nos causaron ningunha sorpresa as torpes e groseiras decrações deses cregos en resposta ás preguntas formuladas. Sería longo enumerar a risca de acontecementos históricos que demostran dcaamente a verdade da grave afirmación que deixamos espota, mais si elo se non axeita coa brevedade diste traballo non podemos deixar de asinalar algúns feitos reveladores da permañente postura antigalega das institucións relixiosas da nosa Terra.

Non é mester lembrar os tempos da idade meia, cando os xerarcas dese clero de Galiza, esquecidos non só das comenencias do povo destinatario do seu ministerio, senón tamén do apostolado e do Deus que decían representar, atentos sómente ó desenfreo do seu egoísmo e do seu afán de poder temporal en loita permañente cos señores feudais, cos caes aparelaban en rapacidade e crudele inhumanidade, xunguiron as súas forzas coas do centralismo isabelino e oficiaron de verdugos non sómente dos tales señores, senón tamén do propio país galego. Velahí o pecado orixinal do clero de Galiza, que explica, mais non xustifica, a posterior conducta dos seus difinarios, oficiando sempre de devanceiros do centralismo metano reaccionario e non sómente antigalego, senón tamén anticristiano.

Os persoeiros do clero de Galiza endexamais actuaron en consonancia cos vidaes intereses de Galiza, escemenzando por Xelmirez, quen desenrolou unha estraordinaria actividade, facendo gala dunha intelixencia pouco común, remexendo Roma con Santiago sómente pra satisfacer o egoísta e negativo afán localista de amingoar o poder relixioso de Braga pra apuntalar o de Compostela, pero con un total esquecemento da súa condición de galego, estragou o millor intre que se lle presentou ó noso país pra crebar a tutela hexemónica dos reinos de León e Castela, namentras que os patriotas da alen Miño, con catál difinidade de homes libres e pra se salvar de toda posibilidade de sometimento ós devanditos reinos, sentaron as bases dunha Eirexa portuguesa e aseguraron así a independencia do reino de Portugal.

O clero en Galiza foi e segue sendo o principal instrumento de dominación da nosa Terra por parte do centralismo reaccionario asoballador; a inmensa maioría dos seus ministros actúan como os máis contumaces devanceiros dos tópicos e convencionalismos "nacionais", calificativo tras o que se esconde a manía hexemónica de Castela sobre os restantes povos peninsulares; manía tan torpe que configura a máis positiva aportación ó separatismo aitivo, posto que si o que non é castelán non é "nacional", nós de feito quedamos excluídos da "nación", exclusión que de boa gana aceptaríamos se consumara nun feito concreto.

¿Cómo se explica que sendo a maioría do clero galego nado na propia Terra, amostre unha mentalidade tan oclusa i-entangarañada? O noso entender porque sendo na súa gran maioría de extracción campesina —no seo de cuílas familias se tiña o orgullo de contar con un fillo crego—, á forte perscalidade que tal condición configura foille superposta polo seminario un señoritismo castelanizante negativo, que si ben non puido anular a súa perscalidade orixinal, logrou en troques estragala, trocándose en híbridos enxendros, como amosttran as opinións espostas no inquérito feito por "Faro de Vigo". Por algo Castelao, coa gráfica xusteza que caracterizaba as súas definicións, calificou a este tipo de cregos de "prófugos do sacho".

O clero de Galiza non foi, non poderá endexamais ser popular no noso país, namentras estea inzado de tales ministros, os que o povo nunca tomou moi en serio, facendos de cote ouxeto da súa sátira firente. Emporiso non é eixtrano que incapaces de se achegar ós creentes por convencemento, tiveran que se valer dos fusiles de gardas civís, falanxistas, mouros e italo-teutóns, pra combater o avance do ateísmo, da masonería e do descreimento. O clero galego non poderá endexamais ser popular porque aparte de moitas e poderosas razóns, que non espomos por mor de non nos alongar máis da conta, pon en puña íntima dous dos máis importantes pulos vidaes que moven ó ser humano: o conscente, ou moitas veces inconsciente senso de patria, representado polo ar que se respira, pola auga que se bebe, polo sustento con que se nutre, o marco que o arrodea, e todo canto lle dá vida e o convirte no froito que mellor singulariza á Terra que lle dá o ser, de xeito que tal ser ven sendo en realidade a síntese criadora da Patria; e o innato e máis ou menos desenrolado senso relixioso, no cal o home débatese en procura de acrarar o misterio da creación, o porqué da vida e da morte, e o permañente aneio de eternidade con que olla o alén.

O clero de Galiza, coa súa torpe conducta, ó pór en loita a patria física, real tanxibel, co dogma que teima representar a degoirada patria de alen vida, o único que logra é anular os canles ideálistas do noso povo, trocando á maioría dos galegos en homes que por non crer en nada, tampouco crén en si mesmos, cando a lóxica máis elemental aconsella armonizar todo pulo idealista orixinal, pra lograr seres que se acheguen o máis posibel a perfeición.

Non. Os que nunca ergueron unha voce de protesta contra o caciquismo expoliador, os aliados dos expoliadores do povo galego, os que nunca se ergueron contra a emigración e da miseria, os que endexamais quixeron ouvir ningunha queixa popular e pola contra medraron explotando a súa iflorancia e sometimento, carecen de autoridade pra opinar non sómente como membros dunha comunidade a que treicionan, senón tamén como pastores de almas, posto que só pode falar o verbo da redención aquel que xa está redimido, endexamais os sometidos, os esclavistas e treidores.

FORMULA UN PEDIDO SOBRE LITURXIA O CONSELLO DLE GALIZA

Coa firma dos segredarios xeral de Goberno e Coordinación, señores Antón Alonso Ríos e Antón Alonso Pérez, respectivamente, o Consello de Galiza dirixiuse ó Arcebispo de Santiago de Compostela, e ós bispos diocesanos de Mondoñedo, Lugo, Ourense, Tuy-Vigo, e ó Arcebispo de Toledo, primado de Hespaña, espresando a súa protesta polo que considera unha ofensa á

cultura de Galiza o negárense as autoridades eclesiásticas a implantar o idioma galego na sagra liturxia.

Entende a entidade que no caso de Galiza, se non compre o resolto polo Concilio Vaticano II, que estableceu a facultade de se dirixir ós fieles na lingua vernácula, o que foi acatada polo episcopado hespañol, como o revela, diz, a autori-

A NOSA TERRA

ANO XLVII

Buenos Aires, Marzal de 1965

Nº 508

A UNION DA COLEITIVIDADE

Que as institucións representativas da emigración galega na capital arxentina venen amostrando derradeiramente síntomas de decadencia, non é un segredo pra ningún observador achegado á nosa colectividade e que teña dela, inda que máis non sexa, que un elemental coñecemento.

E' opinión xeneralizada, de que os orixens da devandita decadencia son fundamentalmente dous, aparte, dende logo, de varios outros de menor importancia.

O primeiro, é a falta de emigración que priva ás nosas institucións, ademais dun comenente causal societario, da promoción de novos guieiros que posibiliten o renovamento dos equipos dirixentes e actualicen con novas ideais e aportacións os xeitos de traballo,

en consonancia co intre que vivimos e a súa dinámica aituante.

E o segundo, a situación económica que vén padecendo o país onde moramos, cuíla inseguranza en tal senso está dada por unha inflación devoradora que fai imposible a concreción de calisquer obra cultural, recreativa, etc. freando de tal xeito todo intento de superación, tanto individual como colectivo e requirindo ademais pra poder soborviver, tolo a caudal de enerxías que denantes se repartían entre as actividades privadas e as actividades societarias.

Irmandade Galega, inqueda nos seus sentimentos patrióticos pola realidade que atravesan as nosas institucións e movida sómente por un san e desinteresado aneio de superación galega, sen deixar de

recoñecer o influxo que na crise societaria que nos ocupa teñen os factores asinalados, entende, non embargantes, que a mesma remanescer, máis que nada, da falta de obxetivos concretos das nosas institucións; porque, se ben é certo, que nos tres ou catro quinquenios derradeiros foron superadas as finalidades básicas da vella estrutura societaria, consistentes en manter unha escola, construír unha ponte, combater o caciquismo, etc., con unha acción patriótica máis definida e concreta no senso nacional galego, aínda se non lograron froitos positivos a prol dos atributos de Galiza como nación, como fogar do noso povo, polo menos, en pequena relación co verdadeiro potencial económico e tamén patriótico que atesoura a colectividade galega de Bos Aires.

Velahí, pois, porque Irmandade Galega convocou ás nosa máis importantes entidades na emigración á mesa redonda, na que un de cuílos temas a se trataren foi a unión colectividade, por entender que tal unión é, ademais dunha existencia do intre que vivimos, un deber inexcusábel de todo bon galego, pra lle poder dar ó labor colectivo da Galiza emigrada a gravitación que en América e na Terra debe e pode ter, se consideramos o seu norme potencial económico, estimado nunha suma superior ós quíntos millóns de pesos moeda nacional arxentina; se consideramos tamén a avolumada suma de vontades xenerosas que se poden engañar á patria emigrada de loitar polo erguemento dos dereitos de Galiza como nación, e facer de posibilitar unha positiva tarefa cultural na que terían de se realizar a impresión de obras fundamentais como a Enciclopedia de Galiza, a Historia Galega, etc., e ademais, brindándolle á mocidade a expansión deportiva e recreativa que terá de avencellala ás nosas institucións. E por se ilo fora pouco, soste a vixilia patriótica que é mester, a vixilia patriótica que o entre aital impón pra saír en defensa dos dereitos de Galiza en calisquer lugar que acontezan as permanentes agresións de que secularmente se lle vén facendo obxeto.

Estes eran, son e serán os móveis que conducen ás autoridades de Irmandade Galega a percurar a unión das forzas espalladas das nosas institucións. Non nos guía nesta angueira máis que un patriótico aneio, cal é o de servir a Galiza por sobor de todo e de todos; e como non aituamos en col de móveis de valdoso pavoneio, nen o esprito do cuco se axeita ós nosos sentimentos, non acondicionamos a sosa aituación ás posibilidades de éxito ou fracaso que da mesma poida resultar, porque, en realidade, tal éxito ou fracaso desta xenerosa xeira patriótica non ha de ser da Irmandade Galega, senón da colectividade toda; ela é, pois, a que ten nas súas mãos os virelos do seu futuro, que terá de ser positivo ou negativo, según a maior ou menor influencia que nela teñan os caciques de vello cuño, mandóns e negativos, enfouizados na súa petulante vaidade xermoladora de consantes fracasos. A colectividade, pois, e sómente a colectividade, terá de ser artífice do seu propio futuro; confiamos, que o nunca desmentido patriotismo e o bon senso dos nosos paisanos será por derradeiro os que amostren o bon roteiro.

O USO DA LINGUA GALEGA NA LITURXIA

Unánime reacción da nosa colectividade

Toda a colectividade galega de Bos Aires sentiuse magoadamente ferida pola noticia de que as autoridades relixiosas de Galiza tiñan disposto o non emprego da lingua galega nos oficios relixiosos, contradicendo así as resolucións do Concilio Vaticano II sobor do uso das linguas vernáculas na liturxia. Con máis sorpresa e desconcerto foron lidos aínda os inquéritos publicados polo "Faro de Vigo", nos que algúns cregos, con unha iflorancia e falta de sensibilidade total, fixeron unha serie de apreciacións ofensivas sobor do emprego do idioma galego en tales menesteres.

Do mesmo xeito que ocorreu en Galiza, todas as entidades de unificación que agrupan os galegos en Bos Aires reaxeron unánimemente, facendo chegar as súas protestas ás autoridades responsables desta discriminación lingüística, que fala craramente do ánimo de persecución que o esprito castelán sente fronte ó problema galego, pois é de pór de noto que os povos catalán e basco usarán as súas linguaxes nos oficios relixiosos.

Unha grande cantidade de cartas foron enviadas ó Arcebispo de Santiago e os Bispos de Lugo, Mondoñedo e Tuy-Vigo, por galegos residentes nesta cidade e tamén polas distintas entidades que os agrupan, entre elas o propio Centro Galego a nome dos seus 130.000 asociados. Irmandade Galega ten feito tamén chegar a súa protesta ás devanditas autoridades relixiosas e a todos os xornaes de Galiza.

Entre as notas enviadas queremos destacar, pola súa sinificación de protesta conxunta de toda a colectividade, a carta enviada ó Cardenal-Arcebispo de Santiago de Compostela, que fora siñada polas máis representativas entidades da

nosa colectividade, e que trascrebemos a seguinte:

Escellentísimo e Reverendísimo Señor:

Os abaixo asinantes, en nome das máis representativas institucións da colectividade galega, que nuclea á maioría dos catrocentos mil emigrados galegos nidas terras elevan a V. E. R. a máis enérxica protesta pola disposición de empregar na liturxia o idioma castelán, lingua allea ao país; segundo consta no Boletín Oficial do Arcebispo de data vinte de decembro pasado e no Boletín Eclesiástico do Bispado de Lugo con data Dezasete do mesmo mes.

Ista atitude representa, alén dunha injustiza, un descoñecemento da realidade lingüística do país galego, un incumprimento das disposicións sobre uso na liturxia das linguas vernáculas e un desprezo polos dereitos das comunidades minoritarias. Dereitos recoñecidos polo Papa Xohan XXIII, de inesquecible memoria, na súa Carta Encicla "Pacem in Terris".

E inaudito iste proceder da xerarquía eclesiástica para co maior patrimonio do povo galego: a súa lingua. Conservada amorosamente durante séculos, defendida dos aldraxes e intentos asovalladores, vehículo dunha vella cultura da Europa occidental, que hoxe rexurde potente e chea de fé e esperanza no seu futuro.

Como consecuencia dista situación deberán celixir os galegos en xeral e os católicos en particular que as autoridades eclesiásticas negan o dereito a ouvir a palabra de Deus na súa lingua. Dereito que ningún lles pode negar.

Tampouco poderán considerar retamente ista posición, nen pensarán na existencia, niste intre, de impedimentos de tipo político, tendo en conta os casos de Cataluña e o País Basco.

Resulta máis inesplicable a atitude xeral do clero e a xerarquía de Galicia, cando pasamos nos apaixonados defensores da lingua que foron o P. Carriazo, D. Cernadas, López Ferreiro un predecesor de V. E. R. M. Lago González, etc., que sendo fieles ao seu povo, henraran a Galicia e a Igrexa. E dos que se sinte orgulloso toda a galeguidade.

zación que a ese respecto confirmou o clero de Cataluña e do País Vasco.

O Consello de Galiza dirixiuse tamén, o Papa Paulo VI, e a UNESCO, sinala que "a verba de Dous chegará con maior unión ós povos cando se lles fale na súa propia lingua, e que cre que a medida dos prelados galegos está en evidente contradición coas correntes da Eirexa e co esprito da Enciclica "Pacem in Terris" do pontífice Xohan XXIII de tan grata memoria".

REVOLDAINA

En Roma foron traducidos ó catalán, vasco e castelán, os textos da liturxia pra no adiante, efectuares a misa en lingua deses povos.

O "FARO DE VIGO" acaba de ceibar á opinión pública un inquerito en col do emprego da lingua galega na liturxia.

Trátase, como se deixa ver, lun tema dabondo importante; e polo tanto, como pra lle non dar ó lugar que o problema en el leva aparelado...

Diciremos que, a Enciclica "Pasen in Terris" referida ó latín, trata de pór punto final ó diálogo con Deus no idioma da Eirexa. Porque pra o beatífico Xoán XXIII, Deus é democrático, e como tal, o diálogo con Ele ha ter lugar na lingua do povo.

Máis a todo isto, compre sinalar, que o espírito da referida Enciclica papal, abrangue non só ó latín na súa milenaria función de lingua exclusiva da Eirexa, senón que tamén, e de xeito determinante, acada os povos coloniais ou ex-coloniais e nacionalidades asoballadas, onde imperan os "idiomas oficiais"...

Certamente que a revisión dos idiomas asoballados é consecuencia da liquidación do colonialismo, e do avance da pedagogía moderna que afirma categoricamente, que o neno debe de recibir o ensino na súa lingua materna (UNESCO).

— o o o —

O inquerito en cuestión tivo por destinatario ó clero rural, por sere, precisamente no agro, onde moran dous millóns de campesiños, cuio único idioma que saben e empregan, é o galego... E diante o pasmo e o desconcerto do público lector —coas honrosas esceicións, claro está— apareceron as respostas máis disparatadas destes pseudos ministros de Deus, que campan polos seus foros no nosa martirizada Terra.

— o o o —

Vexamos en síntese as suas respostas ao inquerito devandito: "Estamos en contra do idioma galego na liturxia por considerar que:

- A) "Os nosos campesiños non entenderían a misa en galego"...
- B) "Os nosos campesiños entenden millor o castelán"...
- C) Os nosos campesiños riríanse se lles deran a misa en galego"...

Sería moi interesante coñecer a opinión persoal sober deste candente problema do idioma galego na liturxia, do "galeguista" Cardeal Quiroga Palacios, por ser ilo tan da súa competencia, en función de xefe supremo da Eirexa Galega —¡fóra ela galega...!— Ele non pensará o mesmo do que os seus palurdos e desleigados creguñños?...

— o o o —

Diante tais respostas, certamente, se non se tratara dun asunto tan serio, sería cousa pra se botar a rir a gargalladas, polos despropósitos e bufonadas destes representantes da Eirexa galega.

Por outra banda, que outra cousa cumpría agardar destes tradicionais e porfiados nemigos de Galizia?

O clero galego, polos seus propios vezos —laoeiro, fornicador, reacionario, antigalego e anticristián— viveu e vive nun permanente xordo conflito político-social co povo.

Na guerra civil hespañola, mentras o clero vasco e catalán fixeron causa común co seu povo, a Eirexa galega, do arcebispo pra baixo, estivo aliada cos asasiños do povo e da súa liberdade.

— o o o —

O asoballo de lesa cultura contra unha das linguas máis ilustres da Europa, a lingua do mestre Mateo, de San Rosende, dos Canzoeiros, das Cantigas á Virxen María do Rei Sabio, foi levado a cabo coa complicidade dun clero galego escravo de Valladolid, historicamente traidor a Galiza e ó seu povo.

O Episcopado hespañol ó aplicar as normas do Concilio Euménico Vaticano 2º resolveu que a partir do 1º de xaneiro de 1965 se teñan só como linguas vernáculos pra se empregaren na liturxia, o catalán, o vasco e o castelán...

Conveñamos en que a atitude dos xerarcas da Eirexa hespañola ó procederen así co noso idioma, fixéronno en función de ainos. Pra eles, Galiza segue non tendo voz; por ela aínda fala Zamora...

Teremos, ¡malpocados! que mercar por segunda vez, en boas pezas de ouro, os nosos ineludíbeis dereitos como povo?...

— o o o —

Rexión, como é ben sabido, ven sendo un concepto xeográfico, que se emprega pra determinar unha das partes dun todo. Referida a un continente, pode acadar un ou varios países. Referida a un país, neste caso Galiza, pódese determinar por rexións, a Mahía, Terra Chá, etc.

Agora ben: na Hespaña centralista e meseteira, o concepto REXIÓN é aplicado como parte dun todo en senso peiorativo. O todo, é Hespaña: na xeografía como país, como nación; na historia, na cultura, na arte, no idioma... Daí nasce a teima manifesta de lle restar xerarquía ás afirmacións nacionais de Galiza, Cataluña i Euzkadi, na súa xeografía como país, como nación; na súa cultura, historia, folclore, arte, idioma, etc., teimando sitiales nun plano peiorativo rexional, "a la española"...

Nós, os nacionalistas galegos, entendemos, polo tanto, que o concepto "rexional" referido ó noso país, pertence ó pasado... Pertence áqueles tempos do "regionalismo sano y bien entendido"... Nembargantes, fastidioso e comprobar, como a nosa Academia, tal se deixa ver nos seus comunicados, aínda está en "regionalista sana y bien entendida"...

— o o o —

¡ E M I G R A C I O N !

Estadísticas oficiais en col da emigración galega a países de Europa fana aparecer cos datos seguintes:

Ano 1961, deixaron a Terra 12.693 persoas. Ano 1962, a cifra aumentou a 13.345, e ano 1963, chegou a 18.213 emigrantes.

Agora, no que se refere á emigración galega total, a Europa e América, as cifras son as seguintes: Ano 1961, 25.636 emigrantes. Ano 1962, 26.432. E no decurso do ano 1963, 30.640 galegos deixaron a Patria, en procura de traballo e liberdade...

LOURENZO FRAGOSO

O Dr. XIMENEZ DE ASUA RECOÑECE OS DIREITOS DAS NACIONALIDADES HISPANAS

● Dr. Luís Ximenez de Asúa actual Presidente da República Española no exilio, pronunciación perante a Delegación de Consello de Galiza en México, unha sinificativa alocución (da cal entresacamos os párrafos que coidamos de máis interés), que pon de noto unha posición de Governo republicán no exilio, e non deixa de nos reconfortar por vir de que ven, se é que temos en conta, que o ilustre Don Luís, na súa longa mórada porteña, nunca amozou simpatía nen comprensión polo nacionalismo galego, vasco e catalán...

Releim con emoción as páxinas do volume "Sempre en Galiza" no que Castelao recolleu os seus escritos e discursos. O libro que ven sendo a Biblia dos galegos, mantén unha posición que, inda que poideramos chamala nacionalista dende o punto de vista de Galiza, non deixa por iso de sere hespañola.

...Porqué, aparte do meu sangue vasco, son un apaixonado defensor da autonomía das Rexións? E'moi probabel que sexa máis cócodo, non digo máis xusto, un réxime unitario. Nós non poderíamos hoxe facelo, nin nolo permitiría a

nosa concencia de homes democráticos, nin probablemente a Europa na que estamos enanos.

...Inda que os unitarios, os conservadores e os reaccionarios codan que é mester manter a unidade a golpe de machado, de fusil ou de ametralladora moderna, o certo é que esta así se non consegue. A proba é que após de habere obrigado a que se falara o castelán en toda Hespaña, outra vegada se volta a falar máis que nunca catalán, galego e vasco. Estou convencido, de que os que trataban de chamar hespañol ó catalán, deixando fora as outras linguas, eran máis arredistas que os arredistas galegos, vascos e cataláns. Que dúbida colle que tan hespañol é o idioma galego, vasco ou catalán, como o propio castelán?

...Se non conciben hoxe arredismos como tampouco se entende unha unidade férrea unha uniformidade ineistente na realidade e, que por ilo tiña de sere unha ficción na lei e na administración. Nos galegos ou non nós gost, nos atopamos cunha variedade de Hespaña. E esta variedade é o noso maior orgullo, porque esas persoalidades, esas características, son as que donan mesmo a Hespaña ese carácter tan distinto e, lonxe de afogar esas persoalidades, debíamos as eixaltar.

"PREMIO CASTELAO" 1964

O Consello de Galiza como é de coñecemento público, constituiu o "Premio Castelao" consistente nun artístico pergameu e medalla de ouro que se outorga anualmente a institución ou persoa que no percorrer do ano, máis se acha distinguido na labourea de xerarquizar a Galiza, na súa cultura i eixaltación patriótica.

O ano de 1964 que findou, correspondeulle por unanimidade e a proposta da Comisión de Cultura, ó "PADROADO DA CULTURA GALEGA" no México, en mérito a súa labourea —por meio da radiotelefonía, artigos, conferencias, e da revista "VIEIROS"— a prol da xerarquización de Galiza; o espallamento do noso idioma; a afirmación da nosa histórica personalidade nacional e, a eixaltación dos ideais de liberdade do povo galego.

Coeste gallo, o presidente do "Padroado da Cultura Galega" no México, doutor Carlos Velo Cobelas, quen asimesmo, ocupa o

cárrago de presidente da Delegación do Consello d Galiza na capital azteca, virá a Bos Ares pra rescibir persoalmente en nome da entidade galardoadora o "Premio Castelao" o que, sen lugar a dúbida, dada a prestixiosa personalidade do galegado doutor Velo Cobelas, e o gallo da súa vinda a Bos Ares, constituirá unha trascendental xornada patriótica.

A Verdade de Vida na Galiza...

OS PROBLEMAS DOS ESTUDANTES

(Ven da páxina 3)
de miseria, que obrigou a moitos deles a desertar da súa misión cultural para adicarse a outras actividades que lles permitiran vivir máis diñamente e sin tantas privacións.

Despois de varios intentos fallidos por medo a represalias —o empregado oficial, calquera que sexa a súa posición, salvo as moitas, amosa sempre recelo a eixpor publicamente as súas opinións por medo ó que dirán—, di o xornalista autor do inquerito—, deu con D. Benigno Fraga Cabado, mestre da Agrupación Escolar Menéndez Pelayo, nos extramuros da cidade de Lugo, que despois de 35 anos de servizos cobra un soldo mensual de 2.460 pesetas (?).

Súa dona é tamén mestra na mesma agrupación escolar e para soster o seu fogar, con oito fillos, entramos teñen de buscar outras actividades que lles dean os ingresos necesarios para atender ós gastos da casa: "denantes e despois das clases na agrupación escolar, temos de dar outras particulares: hai de traballar até esgotarse", don Benigno Fraga ó xornalista.

—Pois verá... As nove da mañá teño que atender a primeira clase particular; as dez encoenza a nosa xornada no "Menéndez Pelayo"; de alí saímo a unha tarde. Eu vou a unha academia, onde dou unha clase, deica as dúas e media. Voto a casa para comer; de tres a seis temos de estar de novo no "Menéndez Pelayo"; logo, das seis as dez e pico da noite teño de atender as clases particulares; despois, reviso as tarefas de todolos nenos... Nunca podo retirarme a cear e descansar denantes das once da noite.

—En realidade, con tanta clase e clase como un ten de dar o cabo do día e de todolos días, non teño tempo de ir a ningures, nin de tomar un pouco de aire.

—Se eu estivera ben pagado, créame, sementres traballaría no grupo escolar; pero todo canto se consigue por outros lados, a base, claro, de estar desafiando continuamente á propia natureza, é pouco para atender as necesidades dun fogar povoado.

...Non concibo que as particularidades de Hespaña sexan desatendidas e precisamente porque a República as atendeu, pode decirse que, ó menos, nua parte, perviven. O sistema que instaurou a Constitución nos artigos 11 a 22 é algo que, aparte de sere algo orixinal da nosa Hespaña republicán, pode ter aínda a súa auténtica vida. Paresme absolutamente preciso que de novo se convenzan as xentes hespañolas, do que significan e do que foron os Estatutos.

...O deixar liberdade ás Rexións traí como ineludíbel consecuencia que elas mesmas se convenzan da ventaxen de estaren xunguidas. Nós cobizamos unha Hespaña forte, unha Hespaña democrática, unha Hespaña xunguida na súa liberdade, pola súa vontade, que recoñeza do xeito máis paladino as características de cada Rexión, ou de cada nación. O que importa é que estas Rexións ou estas nacións cuia peculiaridade, características e persoalidade se reconece, reconeñan ó mesmo tempo a Hespaña nunha forma confederada. O día de mañán, Hespaña o dirá, se pode transformar nunha República Federal na que tanto Galiza, como Vasconia, como Cataluña, non terían máis competencia que a que teñen nesos Estatutos.

...A nación hespañola coas súas outras nacións ten de cumprir un grande destino aínda na historia; emporiso, hoxe que falo ós galegos, ós vascos, ós cataláns, os eixorto a que pensen ben como ten de se constituírse Hespaña, e tamén a todolos hespañóis os conxuro a que pensen en que a variedade de Hespaña é esencial e non a inventamos nós, e que poderá sere pró futuro a segura garantía dunha República auténticamente democrática.

(Cidade de México, 31 de Xaneiro, 1965)

Diante as preguntas do xornalista encol dos problemas que afectan es estudantes, di este mestre: —Coido que os estudantes están sobrecargados. Naturalmente que isto xa é un mal antergo e que parece non ter remedio. Menos asinaturas e textos máis pedagóxicos farían moito ben.

Alúdese as becas.

—As becas son unha cousa excelente. Hoxe pérdense menos intelixencias que no pasado. Pero isto parece que aínda non ten achado a súa fórmula de adxudicación equitativa.

—No "Menéndez Pelayo" tivemos un alumno, Manteiga, que e fillo dun lustrabotas, que foi o noso protexido. E' un rapaz escepcional en todolos ordes. Vive co seus abós, xente homilidísima. No Instituto sempre conqueñiu as calificacións máis brillantes. Denantes gozaba dunha beca máisima; agora, por razón de ese carácter residencial que parece ser o único baremo, díronlle unha desas becas minúsculas de 1.500 pesetas, que con descontos quedan reducidas a sementres 1.200 pesetas. Moito me temo que, se non se pon remedio a esta cuestión, o pequeno Manteiga se perca como cerebro e como estudante privilexiado, para a coletividade.

SUA VOCACION DE MESTRE

O xornalista entra a falar con este mestre sobre a súa vida das súas preferencias e a través da conversa xurde craramente a fonda vocación deste home para o maxisterio, que en verdade non sabería vivir sin contar con esas duros pero a vegada gratas tarefas. Faillo ver así a don Benigno, que responde:

—Sí, ten vostede razón: se volvera a nacer, ¡volvería a ser mestre! Pero, por Dios, que estiveramos mellor pagados... Hoxe o maxisterio non da outras satisfaccións que as morais: saber que das nosas aulas teñen saído rapaces que hoxe son abogados, médicos...

Veleiqui as verbas dun mestre, namorado da súa profesión, a pesares da soldada d emiseria que o Estado lle paga, que no nalcanza nin para sostenerse ele solo.

A VERDADE DA VIDA NA GALIZA DE HOXE

Co gallo das festas do Nadal, o Ministerio de Información franquista fechou simbólicamente esa careada xeira de propaganda que co "slogan" de 25 anos de paz, andiveron a esbardallar polo mundo unha mentira e desfigurada cara da magoante realidade que lles toca vivir os povos ibéricos, dempois de agantir 25 anos de sanguinaria "victoria" falanxista, que non 25 anos de paz, como ben dixera o abade de Monserrat, D. Aureli Escarré.

Xa noutra vegada nos ocupamos desta "kolosal" mentira, montada ó xeito do tristemente célebre nazi Goebels, con que o barulleiro Ministerio de Información falanxista pretendía amosar ó mundo que o réxime franquista creou un eden no chan hispánico, endexamais igualado, nin tansiquier imaxinado. O mundo sabe ben que cras de "verdades" cabe esperar do réxime aprobioso que apereixa ás Hespañas e os galegos sabémolo mellor aínda, pois desgraciadamente tócanos sufrir en carne propia tanta "ledicia e fartura" con que os órganos propagandísticos falanxistas nos venían asolagando dende fai 25 anos. Ledicia e fartura que está orixinando unha tremenda corrente emigratoria, endexamais rexistrada na historia de Galiza e que está deixando enteiramente valdeiras moitas aldeas na nosa Terra, pois mozos, vellos e aínda nenos

fuxen da fame e da miseria falanxista para procurar o pan amargo da emigración; amargo pan gañado en terras estranas, entre xentes estranas, con idioma e costumes estranos, pero, como decía un deses emigrantes nunha entrevista publicada no Faro de Vigo (30/8/64), tamén ledizoso porque aínda sendo xentes estranas, dálles "un mellor trato que na Hspaña" e aprenden "o respecto que se debe ter a todas as persoas, fagan o que fagan".

Non. Nós non vamos a ocuparnos eiqui de esfrangullar a falsedade da propaganda falanxista, que esmorece soia, e elo non é mester para os galegos, que coñecemos a verdade ven fondo. Pero si vamos a facer unha escolma de anacos da algaras das entrevistas publicadas polo "Faro de Vigo" ó longo do vran pasado, co suxectivo fíduo de "O PAIS REAL - COMO VIVE A XENTE", na que se fixeron inquiritos a persoas das distintas capas sociais de Galiza. Con verbas deles mesmos, sin engadir ren nin cair en interpretacións interesadas, temos un panorama ben claro do intre crucial que vive Galiza aitalmente, intre cheo de pena e amargura, non xa polo triste panorama actual, senón, fundamentalmente, polas derivacións económico-sociais que implicará para o futuro da nosa Terra.

Veleiqui algún anaco destes ilustrativos inquiritos.

NO FOGAR DUN OBREIRO DA CONSTRUCCIÓN

No lugar de Almuíña, parroquia de Salcedo, a 4 quilómetros de Poncoia súa e sete fillos, nunha casa arredada con dous dormidoiros, pola que paga 400 pesetas de aluguer, pois aínda que é pequena, está ben do traballo, non pode pensar noutra millor, xa que da súa soldada non é posíbel tirar unha peeta máis, sin desequilibrar un reuposto que soio permite atender as necesidades máis perentorias de alimentación.

Maximino García sacando horas o seu descanso seguiu estudos para chegar a ser encarregado no seu oficio da construción, e no medio das súas privacións e angurias económicas recorda cando a súa casa chegaba samente o seu soldo de oficial de primeira; "Entón si que a pasamos mal" — recorda pesaroso. Non me gusta de cilo, pero temos pasado fame..."

Camíño da casa do señor Maximino García, o xornalista comentaba...

¿Non coída que é un pouco lonxe da cidade?

—Non tiña outra alternativa, responde—. Na cidade as vivendas están moi caras, inasequibels para os meus ingresos. Se pago de alquiler 1.000 ou 750 pesetas ó mes, ¿que me queda para comer, para vestirme...? Ofrecéronme esta por 400 pesetas e viñen a vivir eiqui.

¿Por qué non solicitou unha vivenda protexida, ou sindical?

—Xa o fixen unha vegada. Coído que, en xustiza, tiña dereito a ela, por número de fillos, meus ingresos, miña situación económica. Non man deron. Por iso non voltei a pedila.

Eu gaño 125 pesetas diarias; logo teño 500 pesetas mensuais de puntos e 340 de subsidio familiar. Entre unhas cousas e outras saio a mes unhas 4.750 pesetas.

¿Cómo distribuí seus ingresos?

—¿Cómo los distribuí? Doullo todo a miña muller.

¿E vostede?

—¿Eu? Se eu me quedo con algo tirallo da boca os meus fillos! Son sete bocas esperando todolos días para comer a car.

—Non ten vostedes outros ingresos?

—Ningún outro. Somentes meu traballo por agora. O fillo maior está como aprendiz de chapista nun taller da cidade. Gaña 75 pesetas a semán. E' unha axuda para os gastos de pan e leite.

¿E a súa dona?

—Non traballa. Algún tempo estivo como asistente nunha casa de Pontevedra. Gañaba 300 pesetas o mes. Pero non compensaba porque os fillos, q' e aínda son pequenos, quedaban ó coidado da casa e, claro, non quedaba ben coidada. Así que decidimos que non traba-

llase. Ademais, 300 pesetas ó mes parésceme un aldraxe...

O PROBLEMA FUNDAMENTAL: SUBSISTIR!

Fai frío e síntese a humidade. O xornalista pregunta. ¿é os pequenos?

—Na casa todo o día. Non van siquera a escola.

—Pero todo o día na casa, por de serlles perxudicial... tercia o xornalista.

—Non podemos facer outra cousa. A roupa de inverno é moi cara e non podemos mercala. A escola, ademais, está bastante lonxe. Pásano mellor o redor do fogo da co-

UN FOGAR NA ALTA MONTANA

Don Serafín Dijón García pertencese a unha das familias máis antergas de Cervantes, posúe unhas quince hectáreas de terreo, parte labrantío e parte prado, e cria doce vacas, un touro semental e media ducia de porcos. Ademais é tratante de gando nas feiras, e súa dona é mestra de escola. E' realmente un campesiño "acomodado", de xeito que na súa casa conta con comodidades totalmente fora do alcance dos todolos demais labregos: ten auga corrente e luz eléctrica propias, que instalou aproveitando un salto de auga perto

Valeiqui as súas propias verbas: O EXODO TOTAL

—¿A qué razón coída que se debe esa marcha xeral das xentes destes lugares?

—A moitas causas; malas condicións de vida, malas comunicacións, dificultades cada día merandando para toda crás de problemas a resolver nunha familia.

¿Para onde se van?

—Para Franza na súa maior parte; para Barcelona e para Bilbao algúns. Sobor de todo a xente moza vaise en absoluto.

¿Qué remedio habería para evitar esa marcha colectiva?

—O remedio coído que é difícil, tal como están as cousas campestres. Este poboado, como os demais da comarca, despois de dun xeito constante; cada ano márchanse máis persoas e fécense coase que todas as casas.

¿E as poucas que quedan habitadas?

—Estas fécense tamén, pois quedan somentes os vellos i-eles non poden facer fronte ós traballos das terras. E como se van todolos brazos útiles, non hai tansiquier a quen arrendar as terras, pois ningún as quere traballar; abandonan todo e vanse.

ciña. E más barato.

—Cánto coída vostede que gasta ó mes en calzar o vestir ós pequenos?

—Iso non ten cálculo posíbel. Casi todo o soldo vaise en comer. Cando non andan calzados, andan descalzos.

¿I-en vestidos?

—Non poden ter máis que unha muda e un traxe para os dominos.

¿Qué artigos consumen en maior cantidade?

—Pan, aí días que n-esta casa cómense sete kilos de pan.

¿Cántas veces a semán inclúe a carne no seu menú?

—¿A semán? ¡Unha vez ó mes, ou dúas veces! A carne é un alimento prohibido para o soldo dun obreiro.

ASPIRACION DUNHA FAMILIA OBREIRA

—Eu penso, —di o señor Maximino García— que o mais urxente e unha vivenda diña. Duas habitacións para unha familia de nove membros, e unha inxustiza. Logo, millores soldos, sin que suban os precios, porque entón estamos na mesma. Eu coído que todo obreiro ten dereito a comer carne polo menos dúas veces a semán. E ten dereito a que os seus fillos estuden e non teñan de ser, obrigatoriamente, obreiros como o pai. E a vestirse decentemente. E a poder divertirse algún día, como o fan as clases podentes...

—Estudan os seus fillos?

—Todos estudan. O maior, que agora traballa, era un bó estudante. O director do grupo escolar "Alvarez Limeses" dixome que tiña predisposición para o estudo, que era intelixente. Pero xa ve: ten de traballar (somentes ten 14 anos de idade).

¿Por qué? Elísten becas...

—Pero concurre moita xente. Hai moitas formigas e moi pouco mel. A min houbérame gostado que estudase unha carreira, pero eu non podo, non teño posíbel. Durante algún tempo até cheguei a pagarlle una pasantía particular para que millorase seus coñecementos. Pero chegou un intre en que non puden pagar e decidimos os dous que o millor era adeprender un oficio. E niso está.

FIDELIDADE A TERRA

¿Gostaría lle deixar a montaña e ir a vivir a unha cidade?

—Persoalmente gostaría vivir máis xunguido ó bosque; pero o bosque redimido de comunicacións; o bosque actualizado, que tamén ten dereito a porse en comunicación cos homes que viven en bosques de pedra e ladrillo...

MANUELIÑA, REINA DOS ANCARES

Entre as entrevistas escolmadas, hai unha que nos encheu de door até comover o corazón e sentir un nido na gorxa, apreixando un berro de angustia e protesta o mesmo tempo. Manueiliña é unha fermosa rapaza galega, con uns ollos tan espresivos que aínda a través da borrosa fotografía do xornal, están a decir craramente da súa nenez amarga e terturada. Non cumpriu aínda quince anos e xa leva dous anos a servir na casa do señor Dijón García. No vran pasado foi elixida Reina dos Ancares, na festa da Campa de Barreiro, i-clo que tería de encher de ledicia a unha rapaza dos seus anos acugulando o seu espírito de soños e de ilusións, para ela é tan soio un motivo máis para laiarse da ausencia da súa nai e de súa irmán, emigradas en Franza dende fai dous anos, coas que arela xuntarse prontamente.

Morto o pai e tamén o abó, a nai non podía manter as dúas fillas atendendo a casa e labrando as poucas terras que posuía. Por mor da emigración non pudo achar tampouco xornaleiros que lle axudasen na labranza, así que resolveu emigrar coa filla máis grande deixando a servir nunha casa de confianza a filla pequena, que samente tiña doce anos.

O xornalista preguntalle se a nai i-a irmán están contentas en Fran-

za, e a repaza resposta:

—Defenden a vida, que é moi importante. —¿Hai moitas rapazas da túa idade no lugar? —Moi poucas; somentes quedamos unhas tres ou catro. —¿Fórónse moitas para outros lugares? —Marcharon todas e non tardaremos en marchar as poucas que quedamos. —¿Por que se foron túas compañeiras? —Unhas porque tiñan os noivos lonxe e outras porque necesitaban millorar esta vida, e as más porque xa tiñan a familia ausente.

—E sendo Reina dos Ancares, ¿vas irte desta terra? —¿Tes moitos desexos de xuntarte coa túa nai e túa irmán? —Sí, señor; moitos desexos. Non hai millor rainado que o estar perto da nai.

¿Cándo pensas marcharte? —Posíbelmente para fins de ano; pode que na Navidade; ou ven miña nai, ou voume ó seu encontro.

—E se a vida che vai ben, como che desexamos, ¿gostaría che voltar por eiqui algún día? —Moi me gustaría voltar, pero de visita.

¿E non a quedarte? —Non, señor, ¿para qué?... (Faro de Vigo, 12/10/1964).

outras sobor da función da escola no medio rural, a través das cauais asoman os dous tremendos problemas que ten hoxe o ensino en Galiza, a precariedade de medios económicos dos fogares e o anacronismo da escola oficial, cega a todolos adiantos pedagóxicos en materia de ensino. Veleiqui algunha das súas respostas:

—¿Qué defectos atopou vostede nas escolas do rural nas que atuo?

—A concurrencia desordenada dos nenos. Cando chove ou neva é cando máis nenos venen a escola. (Claro; é que non van a coidado gando). Tamén é un problema a diversidade de edades, que complica o ensino, sobor de todo nos nenos maiores, analfabetos.

¿Cómo se portan os pais?

—Cos pais xa se sabe o que pasa. Hai de todo; uns din que na escola non adeprenden máis que a rezar, que perden o tempo i-é mellor que estén na casa; pero a pesare delo, vanos mandando a escola e despois danse conta que non perden o tempo de todo, e que algo gañan en educación e coñecementos.

"Faro de Vigo", 12-X-1964.

UNHA FAMILIA OURENSANA

En Leiro, a veira da estrada que vai o Carballiño, perto do ponte román, está a casa de D. Manuel Nores Lorenzo. Labrador, de 54 anos, casado e con tres fillos, que se adica a cultivar a viña e atender unha pequena taberna para que lles axude a vivir.

D. Manuel Nores andou dous anos por Venezuela, pero voltou a Galiza porque "aquí está a familia, que tira moito, tanto como a Terra". Ve con pena como o fillo maior, cos seus 18 anos, está esperando o intre de irse a Alemaña ou Suiza, soñando con un soldo de peón non calificado, pois na súa terra non atopa horizons para millorar as súas precarias condicións de vida.

—A estes rapaces góstaalles sair o domingo, di pousada o tristemente, con cinco pesos no peto, e aquí non se pode; non se gaña diñeiro.

Veleiqui anacos do inquérito, que refreiza a precariedade de medios en que se desenvolve esta familia labrega, representativa dun grande porcentaxe das familias que vivan no agro galego.

—Cántas fincas posúe?

—Poña vostede 14 cavaduras. Cada unha ten catro áreas e setenta e cinco centiáreas.

¿Cánto gaña vostede ó ano?

—Un non sabe nunca o que gaña, aínda que sí poder levar conta

do diñeiro que pasa pol-as mans.

—O chegar a hora de vender a colleita, venen a comprala e pagan o que lles parece. Con ese diñeiro temos de vivir e saldar as deudas que haxa...

¿Queda algo do total para o Banco ou a Caixa de Aforros?

—Nada de iso. Nin una soia peseta pode aforrarse.

¿Cánto gasta vostede cada mes?

—Poña vostedes unhas dúas mil pesetas.

—Vamos a falar con claridade. ¿Canto diñeiro sería suficiente para que a familia non tivera problemas?

—Tres mil pesetas ó mes é o que necesitaríamos para comer, para vestir...

¿Cál é o seu horario de traballo?

—Dende as seis e media da mañán as once. E logo, dende as tres e media ou catro até que se fai noite. Así todolos días...

¿Qué leen vostedes?

—O xornal, pero cando hai tempo.

¿Libros?

—Non son para nós. Hai que traballar.

—Nembargantes, vostedes escoitan a radio. Teñen ahí un grande aparello...

—Ofamos a radio, pero agora xa non. Descompúxose e xa non funciona.

¿Bótana de menos?

—Poña vostedes que moi pouco.

¿Televisión?

—Aquí hai algunha, pero moi pouca. Nos, de iso, nin falar. Costa demasiado diñeiro.

—Pol-o menos irán ó cine...

¿Para qué?

Non cabe dúbida —concluí o xornalista— que nin o cine nin a letra impresa; nin a radio nin a televisión supoñen carencias fundamentais para esta familia. Esos elementos de cultura poderían facerlles moito ben, pero non son para eles unha necesidade fundamental. Falando de necesidades, de carencias, aparecen os problemas primarios: arranxar a casa, mil pesetas máis por mes; un cuarto de baño...

UN MATRIMONIO DE MESTRES DE ESCOLA

Ser mestre de escola non tivo nunca na Hespaña un horizonte promisorio. A República, no seu gran plan de instrución pública para sacar o país do marasmo en que se achaba, creou 30.000 escolas e millorou as condicións de vida dos mestres, máis o falanxismo na súa encurrada voltón presuntamente ós vellos canles que tiveran convertido a Hespaña nun cispoñente clásico de analfabetismo e incultura, e de novo a vida dos mestres voltou a ser un cispoñente (Sigue na páxina 2)

Coa Morte de Suárez Picallo Galiza Perde un Xurdio Loitador Pola Sua Liberdade Nacional



Após dunha alongada e doorosa doenza deixou de existir o 14 de outubro derradeiro, no sanatorio do Centro Galego de Bos Aires, o Secretario de Relacións de Consello de Galiza, D. Ramón Suárez Picallo.

A súa morte produciu fonda pena no seio da nosa colectividade de Bos Aires, de América e en Galiza, perante tan irreperábel perda dun afervado patriota, e un dos millores oradores galegos do noso tempo.

Ramón Suárez Picallo, de mozo foi emigrante, e na súa condición de tal, exerceu os máis variados ofizos. Militou activamente no sindicalismo arxentino, chegando a sere un destacado dirixente marítimo.

Filoxalista, integrou unha delegación argentina, como asesor obreiro a un congreso internacional efectuado en Xinebra no ano 1926. Máis chegou un intre no que o xurdio sentimento patriótico galego que boligou decote na súa alma, gañou toda a súa acción, e o cal se dá por inteiro, sen reservas mentais que manquen a súa integridade. Ese entrego a Galiza e ó seu povo a prol das reivindicacións nacionais, sitúano na devoción popular.

Cando se proclamou a República na Hespania, regresa a Galiza na compañía de Antón Alonso Ríos e Pedro Campos Couceiro, levando a representación da Colectividade de Bos Aires, republicán e galeguista, chegando á Terra no mesmo intre histórico do fermento galeguista e republicán; e con toda a súa paixón choutou baril na escea patria, converténdose nun dos seus líderes populares.

Nas derradeiras eleccións do ano 1936, en que se apresentou polo Partido Galeguista (Fronte Popular) pola provincia de Coruña, foi o deputado máis votado, e inclusive tivo votos ó seu favor, nas restantes provincias galegas. Atal era a súa popularidade...

Ramón Suárez Picallo foi todo amor polo seu povo e á causa da súa liberdade que tanto defendeu, sen claudicacións, apaixonadamente, toda a súa vida...

Unha grande concurrencia acompañou os seus restos mortais ó Panteón do Centro Galego na Chacarita, sendo desfilados no nome dos catro Centros provinciais polo Sr. Valentín Fernández; a seguido falon os señores Ramón Valenzuela, pola Federación de Soc. Galegas; Pedro Basaldúa polo Goberno Vasco; Juan Rocamora, pola Xeneralidade de Cataluña; Xesús Canabal, pola colectividade galega do Uruguai; e Antón Alonso Ríos que o fixo en representación do Consello de Galiza.

SUAREZ PICALLO E "FOLLAS NOVAS"

por XOSÉ NEIRA VILAS

Poderíamos evocar a don Ramón de moitas maneiras, é decir, partindo dos encontros coel, dende aquel dous de xullo de 1954 en que falou no Centro Ourenseño prás Mocidades Galeguistas, até o 9 de xullo do 1956, data en que o fomos recibir con bandeiras galegas a Ezeiza, na súa volta definitiva á Arxentina, país ó que retornou sempre e o que agora dá conta das súas cinzas. Tamén poderíamos evocar nas súas conferencias e discursos, decote ateigados de forza e vitalidade galeguista, da máis limpa intención; ou na homildade, da sinxeleza amena que facía del un "rillote", como adoitaba chamalo Castelao.

Pero queremos falar del en relación con "Follas Novas", a entrañábel empresa á que temos adicado cantos esforzos estiveron ó noso alcance Don Ramón alentounos sempre nese quefacer tan querido e inesquecible. O 15 de Santiago do 1957, data de fundación daque-

páxina, de puño e letra de don Ramón, di así: "Que nesta Feira de Livros galegos, bautismada sob da advocación de "Follas Novas", o meirande momento lírico do noso idioma, froito ben logrado da emoción xenial convida e conmove a Rosalía, caían as benxozs dos amantes—vivos e mortos—da nosa Patria e da súa cultura. Que as "outas ideais e os sagros pensamentos" que proclamara o nobre bardo, sexan sempre, neste sagro feiral, o cuxeto vivo, cordial e permanente de todos os tratos, onde non se merque nin se venda, xa que isto non é mercancia, senón que se troque, a xeito de amabel entendimento entre os nosos libros e os seus lectores. Que os seus iniciadores, Xosé Neira Vilas e a súa Anisia, sintan sempre a unión patriótica e relixiosa de sentir voar e revoar pol-as súas mans libros e mais libros como unha espri-la entidade, e aniversario da

morte de Rosalía, estivo conosco e apadrinou coa súa presenza aquel novo chanzo no rubir da cultura galega.

Diante de nós temos, no intre de redactar estas liñas, o libro de poemas, cuxa primeira tola cadra sin lin do mellor ouro: o ouro da súa lealdade pra Galiza e dos libros que eispresan os valores da súa cultura. Eis os votos de: Ramón Suárez Picallo. 15 de Santiago de 1957, Anis, da morte de Rosalía".

Compre decir que esas verbas, eses desexos, guiaron sempre os nosos pasos no trafego de levar ós fogares galegos da América, coma un presente cordial, a testamunia do espírito dun povo que ó longo dos séculos se ven manifestando con voz propia. Voz da que Suárez Picallo foi perante anos e latitudes, xenuino e afervado mensaxeiro.

A Habana, febreiro 1965.

DESPEDIDA A RAMON SUAREZ PICALLO

Por Antón ALONSO RÍOS

A grande vocación do Suárez Picallo foi a oratoria.

Sentía a emoción da frase espresiva i-armónica, dita por ile con persoale cadenza, e nun ton resoante e barile.

Frases e períodos xurdían dos seus beizos, quentes, ateigados de paixón; mais non, por iso, fallos de orde e de ritmo; senón, pola contra, respondendo a un plan me' dico i-axeitadamente acordados ó tema i-á tónica requerida polo intre.

Dise xeito polarizaba e mantiña prendido das súas verbas o intrínseco i-aceso, o mesmo en pláticas e faladores, que ras súas arengas incitantes, arrebatadoiras, ou nos seus discursos cos que enciraba ás moitidumes deica soerguela: ó máis pulante e chamoroso entusiasmo.

Nos que tivemos a sorte de escoitalo, perdurará, de por vida, o ecoare da súa vos inconfundíbel. A cotío, a cada intre a súa estampa esgrevia levantárase diante de nós amostrando á nosa ollada a súa típica atitude: aquela dinamismo, tan humán, da súa faciana; o aicionare das súas mans ó dare configuración plástica ás ideais i-ós sentimentos, que, cal ferenza de lus, ían alomeare todalas testas i-a quentare todolos peitos.

Inda poderemos escoitalo unha vegada máis, nista despedida doida i-agarimosa. Non, de certo, cos ouvidos do corpo. Mais, si, cos ouvidos da ialma. Escoitarémolo coa imaxinación, co sentimento, e no recordo.

Imos escoitalo, dise xeito, nas loitas gremiais e sindicais. Aquile moio miúdo e loiro, aínda coase un rapás, que arrolaba i-espenchaba ó ar, enriba da cabeza, unha estriga de liño dourado polo sol; e quen, con impudente enxuro de vos, espartaba en obreiros e campesiños a conciencia dos dereitos humanos i-o sentimento de cidadanía. Eran os días, xa lonxanos, da Marítima, cando o Picallo traballaba de reposteiro nos barcos da mariña fluvial e costeira do litoral arxentino.

Imos escoitalo ó comparecere á Federación de Sociedades Gallegas, na rúa Bolívar, co gallo de informárese do seu significado. E, ó sabere que percuraba a defensa i-a liberdade do povo galego, avencellárese resolta e definitivamente naquile xurdio movimento reivindicador dos dereitos e da persoalidade da Terra.

Imos escoitalo na mesa de redacción e nas páxinas da revista "Céltiga", de tan merecente e grata recordazón, baixo o patrocinio de Do-

mingo Rial Seixo. A dirección de Eliseo Pulpeiro. C primeiro desaparecido fai pouco e co que a nosa coledividade fica en débeda dun póstumo recoñecemento ós grandes servizos prestados por éle a causa da Patria Galega. I-o segundo testemuña hoxe eiqüi coa súa presenza a permanenza i-a vella amizade i-a súa lealdade a Terra.

Imos escoitalo, na asamblea da Cruña, falando no nome e representación dos galegos emigrados. Naquela inesquecible xuntanza integral de persoeiros da Galiza peninsulare e pelingrina, na que se discuteu i-aprobou o Estatuto Autonómico que tiña de sere presentado ás Cortes Constituintes da República.

Imos escoitalo, no parlamento proclamando o dereito, natural e inalienábele, do povo galego ó autogoberno; á dárese, por si mesmo, leis axeitadas ó desenrolo da súa vida social, económica e cultural. A creare e pore en marcha nunha lexislación que fixera máis doados o frolecemento i-a permanenza da cultura e da persoalidade da Nazon Galega.

Imos escoitalo na propaganda do Estatuto, e na protesta airada escontra dos abusos, atropellos e despojos perpetrados a cotío no nome dese uniformismo irracional de tipo mesetario, tan caro ó centralismo castelanizante.

Imos escoitalo, nos intres de máis apaixonada i-enconada loita, cando a difamación, a mentira i-a calumnia dos perxuros, traidores i-asesiños, coreados por unha propaganda sistematicamente orquestada, amostaban á face do mundo unha versión revirada e perversa dos feitos e dos valores, o mesmo no orde legal que no orde moral; nises intres de dura proba, imos escoitare as verbas do Suárez Picallo —auténtica proba de fé democrática e de moral humán i-ergueita— defendendo e facendo respetare os atributos e dereitos nas persoas dos propios inimigos, facendo prevalecere a condición superior e permanente da persoalidade sobor da circunstancia de enemistade ou de calquera outra, por máis atendíbel que poidera semellare. Ista defensa dos inimigos, feita por Suárez Picallo en tan duro trance, non soio constitúí honrosa mostra do puro sentimento de respecto a condición humán que aniñaba na súa ialma, senón que é un feito que consolida a fé dos que aínda coidamos que pode habere unha morale e unha verdade auténticas; non fraguadas i-acordadas as comenencias de cada intre, das que tan inzada está ista época proclive a claudiciós e conformismos.

Xa volto a iste Continente, imos escoitalo en Chile, ano tras ano, pondo doado i-obrigado remate as celebracións do 14 de abril; celebracións nas que os emigrados i-esiliados, no nome e representación dos povos das distintas nacións peninsulares, afirmaban a súa solidariedade, a súa fé i-a súa lealdade ós principios de liberdade, democracia, autogoberno e xustiza social, económica e moral.

I-eiqüi, entre os, no Consello de Galiza, en todos os grandes aitos da coledividade galega e de Galeuzca,

CEA DO DIA DE GALIZA

Como ven facendo todos los anos a "Irmandade Galega" celebrará o Día de Galiza con unha cea adicada en cada ocasión a honrar a un petrucio da galeghidade.

Na diada deste ano ocupará o sitio de honor o rexo loitador pola liberdades nacionais de Galiza don Antón Alonso Ríos.

e no seio disa irmandade de fogare que lle prestou o Centro Lucense, onde ile acendeu a máis pura corrente de cordialidade, simpatía e respetuoso agarimo, de xeito particular nos seus alumnos da Escola de Xornalismo, a súa vos ten e terá decote un ecoare permanente.

Agora, faga ista evocación do seu falare, da súa vocación, en recoñecemento dos outos merecementos do irmán Ramón Suárez Picallo, e como profesión de fé nos patrióticos ideais que con ele nos avencellaron na vida, e seguirán a avencellarnos na morte, e recordando e confirmando a promesa feita ó guieiro Castelao nun intre como iste, eu, no nome e representación do Consello de Galiza, no nome e representación do que o Consello é; a sabere: 1º) Fideicomisariato do cumprimento da vontade do Povo Galego, vontade libremente espresada por derradeira vez no ano 1936, nas eleccións de deputados e no Plebiscito do Estatuto; e 2º) Persoeiro indiscutido dos dereitos históricos e naturais da Nazon Galega. No nome e representación da súa continuidade e permanenza; eiqüi, niste intre, no que todos comparecemos dun xeito ou outro: coa presenza, coa vontade, co sentimento, coas arelas, co máis fondo amore, respecto e devoción a Terra; niste intre no que Castelao e Villaverde saíndo dos seus nichos venen a porse eiqüi a nosa beira, e no que fan o mesmo Portela Valladares, que cruza o Atlántico; e Somoza, que chega do Uruguai; eiqüi niste intre, no nome e representación de todos: dos presentes e dos ausentes; dos vivos e tamén dos mortos; todos xunguidos no mesmo sentimento, na mesma vontade; eu, no nome do Consello, fagoche ista promesa:

En todo intre i-en todo lugar, e, de xeito particularmente doado, nos parlamentos libres dos povos da Europa —parlamentos ceibes que representan a povos ceibes i-a povos asoballados, como a nosa Terra, máis ises parlamentos ceibes que celebran as súas xuntanzas en países ceibes, onde se respetan os dereitos humanos — os persoeiros que niles representan ó Consello de Galiza con pleo recoñecemento dos outros povos da Europa cara os nosos dereitos de povo diferenciado; ises persoeiros nosos farán ouvir a vos da Galiza pra afirmare o seu sere i-a súa vontade nacional; o sere histórico e permanente da Nazon Galega, i-a vontade do povo galego de preservare e desenrolare o seu propio sere i-a súa cultura peculiar. E ilo, non a maneira dun recordo saudoso e choromiqueiro, senón como un feito vital, xurdio, como un proceso creador con raigazón no pasado, con efeitiva e podente e incontibel vixencia no presente, vixencia capaz de acretare a impoñenza de todo despiadado arreixamento na coutalo, e con lumiosa i-espreñada proiección cara o futuro.

Irman Ramón Picallo: ben sabes ti que ista promesa terá de sere cumprida, ledamente cumprida aínda ó precio das nosas vidas, que ben pouco contan, e da dore dos que sofren asoballamento, cadeia e morte na Terra, como isto si que conta.

Mais tamén sabemos nós que ningún outro ramallo de froes, como istos tantos cos que a nosa coledividade i-os teus amigos che i-astimulan a súa devoción; ningún outro por máis belido que fose, enchería a túa ialma de tan agarimoso arreendo.

Irman Ramón: Iste panteón do Centro Galego acolle hoxe o teu corpo; eiqüi, coas na compañía de Castelao e Villaverde; mais, con íles, seguirás a vivire en cada un de nós, na quentura cordiale dos recordos queridos e devotamente agasallados.

E ise recordo alumeará a nosa camiño e guiará e dará pulo á nosa loita deica esnaquizar as cadeias que agriñan i-escravizan á Terra. Que isto, de certo, é o que conta, por sobor de todo, pra ti, pra nós e pra todo galego ben nacido.

MARIA MIRAMONTES E RAMON SUAREZ PICALLO

por MAXIMINO BROCOS


Con unha diferenza de mes ou mes e medio finaron, no Sanatorio do Centro Gallego de Buenos Aires, dúas personalidades ilustres de Galicia, María Miramontes e Ramón Suárez Picallo.

Quén se lembrou de María Miramontes, viuda de Anxel Casal, o director e propietario da "Editorial Nos", militante galeguista e alcalde de Santiago, que en 1936 entrou pra sempre no martiroloxio civil galego? A María Miramontes, galeguista coma a seu Anxel Casal e coma Ramón Suárez Picallo, un dos amigos máis entrañables dise exemplar matrimonio, débense en grande parte moitas aventuras editoriais galegas. A "Editorial Nós", a primeira editorial escrutinadamente de lingua galega que tivo Galiza, nascida na Cruña á soma da Irmandade da Fala, organización da que foi membro destacado Anxel Casal, e continuada en Santiago coa colaboración dos membros de "Seminario de Estudos Galegos" e universitarios, contou sempre coa axuda económica desta singular muller que foi María Miramontes, que estraía os aforros do seu traballo de modista pra invertilos nos déficits de "A Nosa Terra", da revista "Nós", dos tomos dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, ou na publicación de libros de autores galegos consagrados e mozos, pois todo ello facíase en Galicia sin fondos económicos capaces de soste- isas publicacións que constituían hoxe orgullo dunha época da súa hestoria. María Miramontes coidando das modas femininas, pola súa calidade, de soio unha minoría benfada- da, entregaba con ledicia as me- tras do seu arte pra ista e outras accións galeguistas do seu home. Eisi aqueles órganos de opinión coma "Claridad" e "Ser" tiveron após seu non o "ouro ruso", nin unha suposta protección masonica, senón, coa venda de exemplares e suscritos, as destros mans de María Miramontes que axudaba a suster co seu pecunio a Imprenta i Editorial Nos da Rua de Vilar. Quen lle diría, por aqueles anos 1932 ou 1933, a iso mozo abogado aínda non iniciado entón na súa profes- sión, amigo parellamente de Picallo, de Casal, e de María, con que- nes ás veces tiñase xuntado na hora do té no Café Español de aquela cidade, e que colabora- ra con Casal no que podía, coma outros universitarios, hoxe, algúns, es- critores ou profesionais de sona, que tiña de sere a tanta lonxanía de tempo i espacio nunha cidade lonxana de Santiago, ista de Buenos Aires, derradeira moradia de María Miramontes e de Suárez Picallo, probe cronista das suas mortes no desterro, lonxe de todo canto tiñan amado intensamente e de aquelas ilusións de fai trinta anos. María Miramontes chegou a Buenos Aires, atinamos a lembrar, nos primeiros meses de 1937, e, ao día seguinte á súa chegada, frades nazonalistas vascos, compañeiros de viaxe dila e fuxidos coma ela da zona revoltada, ofendéron unha misa na memoria de Anxel Casal na igrexa de Nueva Pompeya nista cidade, facendo ouvir aos fieles os himnos de Galiza e Vasconia xun- guidos na súa adesón á República. Foi, de certo, a primeira misa que así se celebraba no desterro. Des- pois a vida de María Miramontes foi unha vida de traballo e de soe- dade, deica, anos máis tarde, volta- ba a convir matrimonio cun paren- te seu. Pra ista muller traballadora, a quen tanto debía Galiza, non houbo en tantos anos lembranza algunha, é mais, o nome de Anxel Casal un dos máis prestixiosos entre os caídos de entón, foise esque- cendo pra os actos conmemorativos da memoria de quen se tiñan dito seus irmáns. Falamos dela axuntando seu nome ó de Suárez Picallo, pois ao apoio económico dela e de Anxel Casal debeu en gran parte o poder rematar a súa carreira de Abogado, entre 1934 e 1935, o enton ex-diputado das Cons- tituintes, que non voltaría a seler deica as eleccións de febreiro de 1936. Suárez Picallo era un home proba, non tiña ren seu coma non fose a roupa que levaba posta, moi pouco mais, e algúns libros que ía gar- dando, xunto con uns poucos ca-

dro e dibuxos de artistas amigos, na casa dos seus pais nos arredores de Sada. Todo canto tiña Picallo, logo de ter sido un brillante diputado das Constituintes, collía na balsa de viaxe que á usanza mariñeira traía e levaba consigo de Madrid a A Cruña, a Santiago, onde quixera que as obrigacións políticas o reclamaban. A amizade de Anxel, María Miramontes e Suárez Picallo foi entranable, como era, en xeral, a de todos aqueles que comulgaban no mesmo ideario alegusita, ten sido unha verdadei- ra irmandade. Os mozos sabíamcs o que significaban pra Galiza ista xente de mais idade, e, no caso de Picallo, atopábanse níl o guieira carás de xunquir os intreses políticos de Galiza unha inquietude social que nos interesaba parella- mente.

Picallo non recudía ó pasado pra atopar os fundamentos da per- sonalidade de Galiza, pra íl o pro- blema galego non era un problema que tivese necesidade de encostarse na historia, sen único apoio firme era a actualidade galega, a súa diferenciación, aínda, e o problema máis urxente o da reivindicación económica e social de seu pobo. Por iso seu lingoaxe ten sido o millor comprendido dos labregos, obreiros e mariñeiros, nos actos que se orgaizaban e nos que participaban as mais ilustres personalidades intel- lectuales de Galiza. A súa ventaxa sobor dos outros oradores foi sem- pre a súa longa militancia sindical en Buenos Aires, o seu "extremis- mo" militante dos anos mozos. Tan excelente periodista coma orador, non esqueceu endexamais nas suas intervencións públicas, na prensa, no Congreso ou no mitin, o seu críen traballador, e, os problemas que plantexaban os labregos e pesca- dores tiñan de sere na súa solución, a pedra fundamental sobor da que se erguese a Galiza futura. A saudade arqueolóxica e fidalga de uns poucos copíase a realidade da Ga- liza viva, da Galiza que se debate na semimiseria i en dificultades económicas producidas, en grande parte, por un centralismo anacrón- ico, i, en outra, non menos im- portante, por unha herdanza de costumes seculares paralisantes pro desenvolto social e que a obriga, tradicionalmente, a emigrar en masa. Suárez Picallo conocía, pola súa vida, os problemas de pobo ga- lego e seu lingoaxe resultaba un dos poucos intelixibles pra maioría. Nascido nun fogar de labregos e pescadores o porvir de Galiza non

tiña pra íl senso si non atacaba os males sociais que a apdrecen, xunto con problemas culturais e políticos que prantea a súa dife- rencia. Coma íl cavilaban Casal, ex-emigrante, e María Miramontes muller diste, modista, e a maioría dos mozos intelectuales de aqueles anos. Por iso costoa agora de evoca- los xuntos. A María Miramontes finada pouco denantes que Picallo eíquí en Buenos Aires, esquecida, descoñecida de quen se teñen sem- pre a Galiza nas horas de acougo nos beizos, a Anxel Casal, o pri- meiro grande editor galego, e a Suárez Picallo, que viviu decote coma un mariñeiro, sen mais pro- priedades que unha balsa de viaxe e que levou a Galiza e ó seu pobo pra sempre no corazón. Pra moitos de nós terá de ser sempre, Picallo, desaxetado, bohemio, unha das mais grandes e xenerosas figuras da Galiza do noso tempo.



En Veloi —Sada—, ollando o mar mariñán, nesta típica casa galega teñen nado Ramón e Xoán Antonio Suárez Picallo, dous reiros loitadores que deron a súa vida polas liberdades de Galiza

Picallo Quería que o Enterrasen no Fiunchedo

Sendo eu un neno, entre os anos 31 e 35, levado da man de meu pai, coñecín a Ramón Suárez Picallo en Santiago de Compostela, e aprendín a lle ter respecto e admiración, inda sen saber outra cousa dil, que se hospedaba no Hotel Europa a onde lle teño le- vado máis dunha encomenda do meu proxenitor quen me falaba dil coma un dos grandes homes de Galiza. Algúns escritos de Picallo daqueles anos fican gardados na miña casa.

No 1936, voltar de Sada no meu segundo viaxe á Arxentina reencontreime con íl no Centro Petanzos de Bos Aires, nun aga- sallo que lle faguían. Leváralle co- mo pequeno tributo meu cartafol de dibuxos de "Xentes do Meu Rueiro" que lle avivaron nise intre os relembrs dos seus eidos. Atopou familiares certas expresións e verbas que non rixen máis que nas nosas Mariñas dos Freires. (No meu rueiro do Castro hai refráns que non serven máis que pra íl, e algún o localiza con precisión en todo o universo, coma iste: "Se vai pra Sada, terra mollada." "Se vai pra Soñeiro, por a roupa no xuguero". Suárez Picallo pasou a mente pola súa condición de eisila- do político en función das causas que o determinaban. Tivo conside- ración da súa mala sorte de se ollar arredado vontariamente das terras polas que morría de saudade

e pleio de fé, de infinda fé, acei- tando coma inamovível o seu des- tino, xustamente en función da súa fe en Galiza e nos seus homes, conscente da súa desesperanza in- dividual díxome un día: —"Eu quixera íl morrer a Veloy e que me enterrasen no Fiunchedo".

O Fiunchedo chamábase ó osedo ó Campo-santo, de Sada. Fica á metae do camiño entre Sada e Pazos, ó pé da Eirexa parroquial, carentado ó norde nunha outa terraza asomada sobor da ría, un bal- cón dende o que se contempra unha das paisaxes máis fermosas do mundo. Ten a carón na outra banda da ría o Bremao, monte que emerxe da iauga con forma de seo de rapaza, e que ó seu pé dorme Pontedeume. Tamén se ve o Ferrol, a punta Coitelada, Perbus, Miño, Ponte do Porco, o Pedrido, Cortei- roa e Sada e ó fondo os montes da Capelada e as estribacións das se- rras de Moncouso. Din as lendas, que nas noites de ardora os mortos non poden resistir a tentación e asómanse ó balcón do Fiunchedo e se pasman ollando como as ondas do mar arden cando morren no arcón de Bañobre, catando a es- pranza de que a morte e unha con- tinuación da vida cando dela se desprende tanta luz. E algún morto se ruba a un albre pra ver se aínda arde o lume no seu fogar de Fontán.

Tamén da morte de Suárez Picallo se desprende unha luz que nos ensina o vello dos homes que teñen fe e amor como a tivo íl. Foi seu amor ó povo, fci seu amor ós homes que sofren, a profes- sión da súa vida. Seu carácter de dedicación ós homes que sofren en xeral, non sómente ó seu povo galego, está patente na súa aitivida- de primeira na Arxentina. I emigrou como emigrantes todos, un pouco por inquedanza, ou'ro pouco sen saber porqué; e un moito, na maioría dos casos, por trocar condi- cións económicas negativas, or por algunha insatisfacción do que se deixa atrás. Suárez Picallo axiña de se converter en emigrante deca- tariase que o seu fin non era acadar fortuna, facer a América, e esin entregouse á causa de todos, á causa dos que necesitan axuda. Suá profesión de amor á Terra e ós homes oprimidos, coma no Noso Señor San Roque, patrón de Sada, foi xa pra sempre a outa profesión da súa vida.

000

Cando voltei a Sada no ano 59 Suárez Picallo quixo que coñecese a súa irmán e que lle levase unha cartiña e unha presa de doces ó

seu sobriño Monchiño, que moran en Veloy na casa onde nasceu íl e onde nasceron seus pais.

Veloy é un pequeno val nas aforas de Sada. Por íl pasa unha estrada de terceiro orden que vai a Veigue, Taibó e Carnoedo. Os anos da gue- rra civil foron de traxedia pra a casa dos Picallo en Veloy. En ago- sto do ano 36 nunha finca que os Picallo tiñan en Veigue, coma nun fatídico anuncio, apareceron os corpos asasafiados de Xoán Antón Suárez Picallo, (outro esquecibel galego pras as xentes que o coñe- ceron) xunto cos de Manoel Prego, Antón Carballeira e outros máis. O pouco tempo outro irmán de Ramón, Eduardo, perseguido, des- apareceu sen que se voltase a saber dil, e os pais morren cáseque ó mesmo tempo.

Rematada a guerra civil Ramón Suárez Picallo enceton o seu pele- rinaxe polo mundo coma fillo dun povo condeado, cangado co drama da súa Terra e a traxedia do seu lar. Sua irmán coída que entón non o deixaron entrar na Arxen- tina, e percorreu México, Estados Unidos, Cuba, Santo Domingo, Pa- namá Chile até que un fato de amigos consegue traguelo a Bos Aires no ano 57. Nos derradeiros tempos as cartas que recibía súa irmán María levaban a dramática ouesión de se ver morrer lonxe de Galiza.

Ramón Suárez Picallo tiña razón no seu pensamento sobor do pro- blema galego, íl fixo da súa vida unha dorosa testemuña, senlleira, da denuncia do mal. Non se relem- bran hoxe, acó, as lamentáveis equivocacións que se cometeron en- tón con Galiza coma espírito de vinga ou xenreira senón coma mar- co da súa circunstancia e co degaro de que non se volvan a cometer máis equivocacións. Galiza non ten máis que un camiño, coma to- do o mundo, e o seu porvir fica en quens saben por o amor ó pró- ximo e sobor todo ó próximo des- valido, por riba de calisquer outra consideración.

000

Non sou amigo dos homaxes ós mortos pra o cual xa hai institu- cións ilustrísimas adicadas a iso; mais coma niste caso Suárez Picallo era un político, un alentador da causa de Galiza e do seu povo, puta, sen outros alifios, cerne e non codia, o podería ser esquecido, sería ben que os emigrantes galegos de Bos Aires, ou de toda América, lle colocasen unha placa sinxela na súa casa de Veloy que dixera algo así como:

"O 4 de Novembro de 1894 nas- ceu nesta casa o bo e xeneroso Ra- món Suárez Picallo, emigrante, xor- nalista, abogado, político, quen amou a Galiza e ó seu povo labre- go e mariñeiro e morreu de saudade en Bos Aires o 14 de outubro 1961 soñando con que algún día o leva- ran a enterrar ó Fiunchedo."

ISAAC DIAZ PARDO

Magdalena (Peña de Buenos Aires) nadal, 1964

NO CUARTO DE MIÑA NAI

por Ramón Suárez Picallo

Como mostra da fonda emoción que presidiu toda a labouira que escribeu no seu propio fogar de Veloy, ó voltar dunha viaxe patriótica de Suárez Picallo, publicamos este fermoso traballo i Xinebra.

Heime no cuarto de miña nai, men-amado recuncho do fogar na- tivo, santuario de tenrura, onde decorreron os anos xa lonxanos da miña nenés, a páxina albeira de pureza do libro da vida miña.

Eíquí está, santo Patrón deste altar, o vello Santo Cristo de pau de cerdeira, mantendo sempre, pe- se aos seus anos, aquele xsto de piedade amargurada. Diante dele eu recei as primeiras oracións; por meu pai emigrante, por meus abós mortos. Ele foi quen recibiu a der- radeira ollada dos que se foron aos reinos do Alén e quen presi- diu nas circunstancias máis trascendetais, os concellos familiares.

¡Cántas veces ouviche, ou vello Santo Cristo, o meu nome envolto na pr garia materna pedíndoch a miña volta! Por iso, abendizoad a maxen do Rabí Mártir, eu axiño- llome diante de tí, e oferéndoche por mellor oración, esta bágoa emo- cionada que rola mainíñamente po- la miña meixela.

A nobre hucha de nogueira, que garda mentelos de boda e panos bautismais, armados de esprego recendente e lembranzas de doces amores e de fistas enxebres.

Alí o chineiro onde miña nai gardaba as larpeiradas que eu co- metí dourado, as froitas recendosas.

Ti sabes, picaro armatoste, de moitas falcatrúadas e máis dalgúns pecados contra o sete mandamen- to do Decálogo. Agora non estás máis fechado. ¡Non hai nenos na casa...!

E a mesa petru al sobor da que se escriberen centos de misivas, ateigadas de anguria e de agarimo. ¡Arelada mensaxen dos seres ben- amados! Mesa abendizoad antes de cada xantar e de cada ceia pola man de meu abó. ¡Eu bicota, Ara sagratísima deste altar!

E tí, vello reloxo que segues marcando o decurso de vidas ben queridas, ausencias deloridas, non acabábeis esperas. ¡Cómo añori o tic-tac do teu péndulo, e o tanxir sonoro das tuas campanadas!

E este nobre leito, que foi nup- cial, de nacemento e de agonía, de (Sigue na páx. 7)

A Comisión Directiva da Irmandade Galega, recollen- do a suxestión do señor Isaac Díaz Pardo, para pór unha praca lembradoira na casa de Veloy (Sada) onde nasceu Ramón Suárez Picallo, acordou por unanimi- dade dar doado cumprimento a devandita suxestión do señor Díaz Pardo no decorrer do presente ano.

Damos a publicidade a un importante documento dirixido por 120 intelectuais galegos ó ministro de Agricultura do goberno de Madrid, nos que se recriminan solucións ós angustiosos problemas do agro galego.

“Excelentísimo señor Ministro: “Os abaixo firmantes interesados por todo canto atinxe a vida do agro galego, sintense vivamente afectados pola inxenuidade existente nos diferentes estratos campesinos de Galicia, en especial os máis probes, e desexan xunguiren a súas voces ós máis prestixiosos colaboradores e redactores da prensa diaria e publicacións dos problemas do campo galego, decordo cos lexítimos intereses dos campesinos i, en beneficio, a súa vez, de economía nacional.

“E’ dabondo quservar a realidade da situación de Galicia, para comprobar que os problemas seculares que afectan a estrutura do noso país, sumáronse outros que, en conxunto, fan insoportábel a vida do campesino galego.

“A ruína e a probeza da maioría das economías campesinas; o descontento e a crecente emigración até o punto de que hai moitas aldeas e parroquias que fican sen xuventude; na queima de numerosos montes; en protestas e resistencias que fan lamentar feitos tan dolorosos como o ocurrido en Breñas de Gratifeira, do municipio de Mazariños, provincia da Coruña.

“Por todo isto, nos diriximos a V. E. pra espor á consideración do goberno algunhas medidas urxentes que, ó noso xuízo facilitarían o desenvolvemento da agricultura e, permitirían certa melloría no nivel de vida dos nosos sufridos campesinos.

1) REPOVOACION FORESTAL

“Ocampesino galego non está en principio contra a repovación forestal. Mais coida que esta debe ser feita respetando os intereses da agricultura e gandería e, ademais, a opinión dos veciños das aldeas e parroquias interesadas. O campesino galego pensa que deben repovoárense os terreos non aptos pra pastizais ou sementeirás de produtos agrícolas e non deben reducírense de xeito algunhas zonas de produción agrícola. nin debecer os pastizais comunais pró mantemento da gandería.

“O beneficio da esportación daqueles montes trazidoalmente utilizados polas comunidades de veciños, repovoados polo patrimonio forestal do Estado, debe reverter a ditas comunidades.

2) A CONCENTRACION PARCELARIA

“Debe sere pleamente ventaría. Só coa aprobación e a iniciativa dos campesinos pode sere eficaz. Débese realizar coa orientación fundamental de aumentar en toda medida posíbel, a dotación en terra das esportacións campesinas máis modestas. A este respecto o Instituto de Colonización deberá adquirir e verter ó fondo de terras a distribuír, aquelas fincas e terras existentes no termo municipal que estexan incultas ou se achen insuficientemente cultivadas.

3) OS FOROS

“A abolición dos foros e de distintos subforos e rendas análogas que indagravan non poucas economías campesinas e constituían unha onerosa carga pros labregos.

e un freno ó progreso da agricultura.

4) CRETOS O AGRICULTOR

“Pedimos que se dea facilidade a solicitude de préstamos á agricultura, lexislando no senso de evitar que o campesino teña que constituírse hipotecas que en moitas veces non son realizábeis por careza de tódos de propiedade, ou por estare ésta indivisa, e atopárense ausentes os condonos e lexitimarios. Os préstamos ou cretos, deben sere n concedidos con interés mínimo e coa súa fianza de traballo e a honradez perscáis, pois doutro xeito a imesa maioría dos campesinos non poden outeren un creto.

“Pedimos que o Banco Agrícola respalde a cooperación no campo, facilitando ás cooperativas o capital necesario ó dous por cen de interés e a longos prazos. O Banco Agrícola deberá facilitar asimismo ós arrendatarios e aparceros que desexan mercar as terras que traballen, o efectivo necesario, amortizábel en vinte anos. Ademais dos préstamos, o Estado ten de contribuír mediante unha aportación importante a fondo perdido, ás obras de transformación e melloras que leven a cabo os campesinos modestos, sexa individualmente ou agrupados en cooperativas.

5) SERVICIOS DO MINISTERIO DE AGRICULTURA

“Pedimos un milloramento sustancial dos servizos do Ministerio de Agricultura. Estes deben dispor de persoal competente e doadamente retribuído; deben posuer meios contra as pragas e as epidemias a contar con laboratorios modernos. Os gastos que ocasionen os servizos do Ministerio de Agricultura deben correr a cargo de dito Ministerio.

6) AS COMUNICACIONES

“Solicitamos a construción de vías de comunicacións; o arranxo das existentes, e o milloramento xeral dos meios de transporte, que faciliten o milloramento da vida campesina de Galicia co resto da España.

7) O CATASTRO DE RUSTICA

“O xeito de como se levou o actual Catastro de Rustica, deu como resultado, que moitos campesinos non poden identificaren as súas fincas nas certificacións do Catastro e, compaxinaren este cos títulos de propiedade, á vez que se producen duplicacións de contribución territorial, e, uns campesinos pagan impostos que corresponden a outros. O mesmo tempo son flagrantes as disparidades que existen nos líquidos dispoñíbeis entre terras de calidade e rendementos idénticos. Por todo isto se impón a completa revisión do Catastro en vigor.

8) CARREGAS FISCAIS

“A probeza e o atraso do agro galego debora estimular ó Estado a realizar concesións desgravatorias que estimulen a produción agropecuaria. Por isto solicitamos: —Suspensión do arbitrio ou importe encoi da riqueza provincial xustificada teoricamente pols es-

cedentes de produción, escedentes d s que non dispoñen o 90 % dos campesinos de Galicia.

—Modificación do importe de dereitos reais que na actualidade fai que en tres xeracións, a propiedade ou o seu valor equivalente pase a mans do Estado. A modificación de dito importe deberá realizárese de xeito atal, que favorezca os intereses dos pequenos e medianos propietarios, e grave progresivamente as grandes herdanzas.

—Liberar do pago de contribución agropecuaria e outros impostos ós labradores cuílos ingresos non acadan o salario familiar.

—Supresión das innumerábeis taxas e cánones que agobian ós campesinos e entre elas e moi concretamente a taxa de rodaxe e arrastre.

—O canon de Hixiene Pecuaria de subsistire, debería sere a condición de que as vacas sacrificadas por tuberculosis sexan ós campesinos a prezo de feira.

9) PRESTACIONS PERSOAIS

“Pedimos se finde coas prestacións persoais impostas ós campesinos polos municipios prás traídas de augas, etc. O Estado e demais organismos públicos, deben realizar esas obras sen someteren ós homes do agro á humillación que representan as prestacións.

10) PREZOS REMUNERATIVOS PROS PRODOTOIS DO CAMPO

“A necesidade de establecer prezos remuneradores prós produtos agrícolas, gandeiros e forestais, que finde cu atenúa a situación anormal de que, mentralos campesinos reciben prezos baixos, os consumidores se vexan obrigados a pagaren por ditos produtos prezos esorbitantes, pranteja a adución das medidas seguintes:

—Transformar os organismos de intervención e monopólio en organismos reguladores que adquiren a prezos remunerados os produtos que lle venden voluntariamente os campesinos.

—Que a fixación de produtos como o lúpulo, o leite e outros cuia industrialización se acha en mans de empresas monopolistas, se determina dacordo con custe de produción e coa participación dos campesinos interesados.

—A importación de madeiras do estranxeiro fixo descer a venda e os prezos de madeira galega, con moito prexuízo prós labradores que posuen arboredos. Pedimos que o Estado adoute as medidas de protección e revalorización que son mester a efecto.

11) IRMANDADE DE LABRADORES E GANDEIROS

“Finalmente é un clamor dos campesinos de nosa terra, que se imprima un carter verdadeiramente campesino as irmandades. Pedimos que este desexo sexa satisfeto. Consideramos que as Xuntas Direttivas das Irmandades deben seren de libre elección dos campesinos, co cal podería lograrse que fosen elixidos os máis coñecedores dos problemas agrarios e máis interesados neles. Tamén é xeral o criterio de que é inxusto que o campesino tribute en máis dunha Irmandade e de que debora despertarse a voluntariedade de pertencia a ditas Irmandades.

“A noxa concencia de intelectuais galegos é a que nos apulou, señor ministro, a elaborar as presentes consideracións e peticións que respetuosamente elevamos a V. E.”

Firmado por: Amadeo Varela, abogadón José María Castroviejo, escritor; Luís Moure Mariño, notario, escritor; Ramón Baltar, médico; Celso Emilio Ferreiro, poeta, Valentín Paz Andrade, abogad; Xesus Ferro Couso, doctor en filosofía y letresa; Alonso Mntero, catedrático; Emilio Alvarez Blazquez, escritor; Gabriel Plata Astray, catedrático; Albino Núñez Domínguez, escritor; Rubino Pierraz, pintor; Antón Beiras, oculista, Francisco Porto Mella, abogad; Xosé Cal, médico; Antonio Varela, abogad; X. Méndez Ferrín, escritor; Antón Rivas, novelista;

Fernando Alonso Amat, escritor; María del Carmen López, abogad; Agustín Pérez Bellas, arquitecto; Alexandro Crieiro, director de cine; Gabriel Méndez Molina, médico; Miguel Estévez, licenciado en derecho, procurador; Mariano Rivas, arquitecto; Manoel Rodríguez, perito agrícola; Manoel Axeira, abogad; Xohan Álvarez, abogad; Manoel Verlar, abogad; M. Díaz Pillar, poeta; reverendo P. Banco Xaneiro, sacerdote; X. P. Paz Andrade, estudian; Xosé Raposo, abogad; Pedro Rodríguez, abogad; Francisco Doado, abogad; Albino Núñez, licenciado en filosofía y lettras; Mexuto Pérez, abogad; Sabater Chapa, abogad; Rocio Pérez, intérprete, maestra; Xosé

María Poupin, profesor de idiomas; Xosé Caamaño, abogad; Manoel Murillo, abogad; Lois Rivas Casas, licenciado en derecho; Alexandre Barrios, abogad; Manoel Varela Buxan, comediógrafo; gallego; Pedro Gómez, administrativo; Manoel Sánchez Aguirre, licenciado en derecho; Antón Rodríguez Cadarso, licenciado en derecho; Xosé Pérez, abogad; Antón Santamaría, estudante; Xacinto Estévez, licenciado en derecho; Casas Fernández, abogad; Lois Donol Arias, abogad; Mercedes Suárez Díaz, abogad; Xosé Docanto Frasego, estudante; Velázquez Capellan, administrativo; Guillén Abeilino, abogad; Manoel Besval, deficiente; Casimiro López, perito agrícola; Pedro guez, licenciado en derecho; Manoel Gómez, abogad; Santamaría Arroxo, abogad; A. Manzan, médico (siguen las firmas).

NOTA. — Esta petición foi remendada a tódolos xornais de Galicia.

AUTORIDADES DO CONSELLO DE GALIZA PARA 1965

Na súa derradeira xuntanza do ano pasado este patriótico organismo, que ven cumprindo unha intensa e sinificativa tarefa a prol da recuperación das nosas liberdades nacionais, designou as súas autoridades para o presente ano. Elas ficaron constituídas desde xeito:

Segretario Xeral: D. Antón Alonso Ríos; Secretario de Goberno e Coordinación Xeral, D. Antón Alonso Pérez; Secretario de Aitas, D. Ricardo Flores. Comisión de Facenda: Presid., D. Daniel Calzado; Segred., D. Santiago Suárez; Tesoureiro, D. Lois Fuentes. Comisión de Relacións: Presid., D. Segundo Pampillón;

Segred., D. Manoel Martínez Lamela. Comisión de Cultura: Pres., Dr. Alberto Vilanova; Segred., D. Manoel Pedreira. Xunta Consultiva: Pres., D. Uxío García. Delegados ante Galeuzca: Dr. Fiz A. Fernández, D. Segundo Pampillón e D. Bieito Cupeiro. Delegado ante o Centro Republicán: D. Segundo Pampillón. Oficina de Prensa: D. Moisés Da Presa, D. Lois Guede, D. Ricardo Flores, D. Manoel Pedreira e D. Manoel Pazos. Conselleiro na súa condición de Presidente de Irmandade Galega: D. Antón Represas.

Ademais foron confirmadas as Delegacións do Consello en París, Montevideo e México.

UN POEMA DE MANUEL MARIA

A nova xeneración galega está dando mostras dunha fonda sensibilidade en col dos problemas patrióticos sociais da nosa terra. E como sinificativa mostra dese sentir publicamos este xurdio poema do xoven poeta Manoel Maria, un dos máis bariles valores da xeneración moza do país galego.

ACUSO A CLASE MEDIA

Acuso a clase media —grandes e pequenos burgueses— porque eles foron e son os que traicionan o espírito sinxelo, enxebre i antergo de Galicia. Perteñezo ó povo e falo no seu nome. Falo en nome dos mariñeiros, dos labregos, dos ferreiros, dos criados de servir, dos zoqueiros, dos muiñeiros i arrieiros; dos humildes carpinteiros de ribeira; dos alugados que iban a Castela; dos caseiros que non teñen terra de seu; dos que se ven obrigados a emigrar; dos probes de espírito e dos probes de pedir; do coitado xornaleiro que de sol a sol anda virando a terra co arado romano. Falo en nome de todos aqueles que, anque teñen razón, non lle la dan. Acuso a clase media de egoísmo, de non ser solidaria co seu povo, de brutalidade e de inorancia, de lle bicar os pés ós poderosos, de traficar coa fame e coa miseria; de vivir na súa terra, despreciandoa, intentando borrar o seu idioma, querendo matar o seu espírito, asesinando o seu ser diferenciado. Acuso a clase media de servil, de axionllarse diante dos que mandan, traicionando ós seus, a xente sua, ó povo indefenso i aldraxado. Acuso a clase media de imitar os modas que impoñen en Madrid e de pechar cobardemente os ollos ás realidades que teñen diante sí. Clase media, grandes e pequenos burgueses, comerciantes enriquecidos co estraperlo; viñateiros, aceiteiros, contratistas; abogados sin lei e sin concencia; propietarios de casas e de contas corrientes; burocratas que adulades ó amo e que esquenecades ó povo do que vides; xentes que comecades coa emigración, coa fame, coa inxusticia e coa miseria; ladrós que percurades títulos nobiliarios; asesinos que mercades indulxencias e autos derradeiros modelo que vos leven ó ceo, jno nome do povo, eu vos acuso!

Cobarde Ataque a Lois Ares

Nun dos derradeiros números do “organillo” falanxista “Faro de España”, aparés un ataque contra o bibliotecario do Centro Galego Sr. Lois Ares, que revela unha vegada máis, toda a ruindade moral dñs señores empecinados en servir ós nemigos de Galicia, aiutando na lña da antipatria, de traición os irrenunciábeis intereses da nosa Terra.

Con necia e torpe intención —que amotra a coñecida mentalidades de beata cursi e crítica do seu director— “turra” no comentario que nos ocupa, contra aspectos do labor que cumpre o Sr. Ares na súa función de bibliotecario, co malicioso e deliberado intento de provocar a intervención de Xunta Executiva dentro da cal, e cecais tamen entre certos empregados xerárquicos, incapaces de alcanzar o nivel cultural do Sr. Ares e faltos por elo de autoridades pra o atacar directamente, alentan o histórico desafogo de “Faro de España”.

Certamente resulta penoso por de releu que haxa xente capaz de tanta cobardía e tanta baixeza moral, como é a de atacar a un empregado subalterno, calando o mesmo tempo toda referencia a quéns teñen a responsabilidades do bon ou mal desempeño que dito empregado cumpre no seu labor. Máis todos cantos tratan e coñecen o actual bibliotecario do Centro Galego, saben da súa capacidade, da súa dedicación, do seu trato cordial, e sobor de todo —e isto é o que provoca a xenreira histórica do voceiro falanxista— do seu permanente amor a Galicia, da devoción cáseque mística que sente pola súa cultura e por todo canto a define e caracteriza como a un país diño de respeito e comprensión.

A COLECTIVIDADE GALEGA LEMBROU O EXEMPLO DE IRLANDA A CASTELAO NO SEU XV CABODANO

Co gallo de se cumprir o XV cabodano da morte de Castelao a Comisión Intersocietaria Galega, organizou diversos actos que poiden de releu a devoción da Galicia emigrada polo seu grande guieiro desaparecido así como o rexo sentimento nacional que aurenha a vida da nosa colectividade.

AUDICION RADIAL DO XOVES 7 DE XANEIRO

Prevía apertura do acto con axeitadas verbas do Sr. Víctor L. Molinari encol da trascendental figura de Castelao, foi executado o Himno Nacional Galego e asegurado o Dr. Ramón Valenzuela Otero pronunciou un breve e vibrante discurso señalando a identificación da obra e do pensamento de Castelao coas mais enxebres esenciais de Galicia e do seu povo.

Findadas as derradeiras verbas do Dr. Valenzuela, xordeu grave e evocadora a voz de Fernando Iglesias ("Tacholas") no recitado do poema "De qué morte morreu a nosa prenda" do gran Cabanillas, adicado a Castelao.

Fechou este patriótico acto radial o señor Juan A. Solari, diputado nacional polo Partido Socialista Democrático, quien desenrolou unha brillante semblanza de gran figura de Castelao no seu percorrido histórico a prol do seu apostolado, como guieiro de povo galego.

FUNERAL CIVICO NO PANTEON DO CENTRO GALEGO

O domingo 10 ás once da mañán, o Centro Galego conxuntamente coa Comisión Intersocietaria Galega, realizaron un funeral civico en lembranza de Castelao.

Con asistencia de numeroso público, deu comezo o acto cunha fervorosa oración a cargo do Segretario do Centro Galego, señor Manuel Silva; a seguido polo Intersocietaria, falou o señor Antón Alonso Ríos, Segretario do Consello de Galicia e a Comisión Consello de Galicia.

Após foron pousadas ó pe do sargento que garda os restos de Castelao, sendas ofrendas florais a nome do Consello de Galicia, Centro Galego e a Comisión Intersocietaria Galega.

ACTO NO PAZO GALEGO EN OLIVOS

O domingo 10, ás 12 horas, con abultada presenza de xente nosa, a Comisión Intersocietaria Galega, realizou un emocionado homeixe a Castelao, ó pé da súa estatua erixida nos xardíns do pazo Galego do Centro Pontevedrés, en Olivos.

Abriu o acto o Presidente do Centro Pontevedrés, señor Cándido Rey, quen pronunciou un vibrante e conceituoso discurso, o que, polo considerado de grande interese, trascribémolo na súa maior parte.

...Dixo Castelao: "A min abóndame un currunchito galego e a delicia de ver a nosa paisaxe e escoitar o noso idioma."

"Eu creio que dende a máis pequena festa pode se comprender a grandeza do mundo".

"E despois de ter percorrido moitos camiños estranhos en contra da miña vontade, declaro, que o nacer, vivir e morrer nunha mesma terra, é a sorte máis grande que se lle pode desexar a unha criatura, pro a condición de que na terra nativa haxa xustiza, pois sen iso tamén hai desterro na propia terra."

Grandeira leición que aínda moitos homes teñen de aprender. Canta valentía, canta sinxeleza, canta sabiduría, canta integridade, canto sentimento, canta intuición para proxeitar un futuro, e por sóbór de todo, canta conducta exemplar como insinúa inmortal de todas as xeneracións galegas por vir... Castelao, que non era un home de íses señores graves e vanidosos que postos dentro de un gabinete dá ordes, moitas veces con senso arbitrario, que tampouco se manifestou nunca como un demagogo —filosófico-social. No era un político profesional, senón un patriota metido na política para incidir, para

gravitare ante a política nefasta do Estado centralista hespañol ou castelán, e conquistar eisixir de tal maneira, os sagros dereitos de pobo diferenciado da nosa Patria galega. Xa queda cumprido, lembrado, o noso homeixe de iste ano ao fillo mais grande de todos os tempos que produciu a Terra Nai. Pero o que aínda non pode



considerarse cumprido e satisfeito, é a nosa obriga de facer canto podemos facer, xa que está o noso alcance, na colectividade da que somos integrantes na nosa calidade de dirixentes ou asociados, pra vir alguha vegada a iste ou parecido currunchito donde haxa que honrar a Castelao, e berrar coa satisfacción do deber cumprido. Querido irmán e guieiro: recollen os froitos da tua semente, a nosa colectividade, que xa estaba vivindo cos pés no camiño do cemiterio, é dicir, morrendo en vida, sen dúbida guiada polo teu espírito, desexosa de poder tomar parte en algún intre no cambio histórico que cada vegada máis avexina para a Patria que ti e nós coñecemos afeollada e fementa; deixando atrás vellos e caducos prexucios aldeáns, xinguese pra posibilitare unha obra de conxunto que pode asombrar a propios e estranhos, tales serán as súas realizacións en favor e proveito da nosa comunidade.

Hai xa un feito de galegos de probada fe i situación galeguista, que están dispostos a desfacer velhas estruturas, tan inoperantes como fillas dunha rutina en incompreensiva incompatibilidade cos tempos que corren oxe polo mundo que xa se muda, se transforma, se moderniza, se mecaniza, baixo unha nova tónica de máis progreso, con proxeccións dun futuro insospitado e venturoso. A nosa Terra, a nosa colectividade e todos nos, estamos n-ese mundo, somos habitantes dil. Temos a obriga de renovarnos, artellando un soio e grande organismo que aglutine a toda a colectividade.

Este novo Centro Galego Cultural - recreativo - deportivo e con senso de política eminentemente galega e cara a Galicia, fará o milagre de axuntar canto aínda queda de bó n-ese irritante e infecundo minifundio sociotario, carente de posibilidade alguha pra efectuar nada constructivo. Os importantes patrimonios axuntados, a grande cantidade de emigrados idealistas que agora traballan para un mesmo organismo poderoso e máis galego que nunca, as posibilidades de todo orde que lle permitiran traer personalidades galegas a Bós Aires, editar un soio pero poderoso periódico con doutrina galega, as realizacións que serán cousa certa no campo recreativo e deportivo para atraer a nosa beira os nosos fillos e descendentes galegos: en fin, vendo e fermosura dunha laboureira aproveitada para que renda proveitosos froitos, pensamos non estar trabucados, si agora temos máis autoridade moral para honrar canto representa para nós a tua esprendorosa vida, como tamén a obra inmortal que ofrenda che a Patria que tanto amache e sospeches defender.

Galegos de Bós Aires. Isto ten que levarse a cabo. Xa está no miolo de moitos de nos. Penso que a idea, por ser boa ganará axiña máis partidarios. Encontráremos pedras no camiño. Non importa, ante a grandeza que ilo ha de re-

presentar para todos os compoñentes da nosa comunidade; o que é bó e importante da Galicia emigrada. Deixemos atrás os pusilánimes, si é que os hai. Os Centros Provinciais, a Federación, os Centros de Betanzos e Corcubión, amén de outras sociedades que queiran irmanarse con nós facendo o feixe humano meirande con-

que podemos soñar, teñen xa o proleito de escomenzar os traballos para a concreción da grande e histórica empresa. Adiante, sin pensar nas dificultades que se presenten, que xa non serán tantas, pois, as circunstancias, traballan ó noso favor. Hai sociedades na nosa colectividade que xa non lles queda máis que o nome. Axudémelas para que teñan unha segregación con certa dignidade. Fagamos o grandeiro feixe de galegos unificados, nun soio organismo, cun único comando, aínda que con moitas sub-comisións de traballo orgánico e constructivo, que pola súa obra e programática, adquira a importancia i a prestancia de unha colectividade respetable e respetada con pulos e prestixio acordos con canto representamos os galegos neste país arxentino e hasta diría dos galegos do Río da Plata. Irmáns, hai que abrir unha nova época. Temos que demostrar deica onde chega o noso xenio, e de canto é capaz o noso ideal, procurando outros vieiros máis axeitados e proveitosos pra concreción dunha laboureira pra por baixo a sagra advocación de Galicia. Temos de meditar se ista Galicia. Ideal como Castelao chamara ó conxunto das nosas entidades, fan a obra que, inclusive, chegado o intre, podería incidir sobre o destino de Patria que alguha vegada terá de redimírese de tanto sufrimento, de tanta irritante inxustiza. Nós, os galegos de Bós Aires, pra lle non dar noxo ó sagro espírito de Castelao que nos vivía e non atenta cotra o seu permanente descanso na ringleira da Santa Compañía de todos os galegos ilustres, temos de sere autores e actores dun feito histórico que, de se concretar i encetar a súa imesa laboureira cultural, re-creativa e deportiva, con plenitude social e aínda con contido da nosa política, san encol da patria afeollada e infeliz, faría o asombro diante propios e estranhos.

...Aseguido o señor Cándido Rey findou o seu magnífico e ourentador discurso cunha emotiva invocación a Castelao, e a unha Patria Galega ceibe e feliz.

No cuarto de miña nai

(Ven da páx. 5)

bizaba, premio das boas accións. O sonos lediciosos e de sonos tristes. Na "mornade emocional das tuas roupas de liño caseiro eu quero repousar a miña cabeza febre-cente, cáseque louca.

E na vella cadeira de bimbios xa algo desvencellada polos anos, o meu corpo e a miña i-alma arelan descansaren, despois do longo pelengraxe, e soñar nos tempos que foron...; mais non podo!

A' miña destra está o porta-líbro de miña nai. Estndo a man e pousa nun deles, ao azar. É un libríño de capas moursas e a lenda dourada que di: "Ancora de Salvación" ¡Libro da vida e libro da morte! Nas primeiras follas ade-

No xornal "La voz de Galicia" da Coruña, sinado polo Xohán Naya, apareceu un artigo co suxectivo tido de "O Exemplo de Irlanda" que, como todo o que se refire á nosa ancestral irmán do norte, móvenos un especial intrín.

Agora ben: O señor Naya fala en col do extraordinario desenvolvemento económico-industrial coa conseguinte liquidación da dramática emigración, punto atal, e isto engadímolos nós, que sitúan hoxe a Irlanda, segundo as estadísticas, nun dos povos millor alimentados da Europa, que xa é moito decir, se consideramos que, até non fai moitos anos, Irlanda era o clásico país das fames, precisamente, cando estaba baixo a opresión do Imperio Británico. E cando a colleita das patacas —elemento básico de alimentación do asoballado povo irlandés— fallaba, inesorablemente o ritmo emigratorio de por si elevado, convertíase en fuxida en masa. Sinxelamente, fuxíase da fame.

Mais esta dramática situación que non aclara, ou cala, e coidamos que o señor Naya o non ifora, é económico-social produciuse baixo o imperio da autodeterminación nacional do sufrido e baril povo irlandés.

E por iso que o exemplo é moi desparello. Irlanda é ceibe e soberán, mentar que Galiza está inermemente espiritual e economicamente baixo o asoballo colonial que lle impón o Estado hespañol. Daí, a disparidade, a diferenza que os galegos temos de superar, se queremos salvarnos; e a salvación tera de vir de nós mesmos, do noso propio esforzo, da nosa propia loita como povo con vontade colectiva pra resolvermos os nosos problemas sociais i económicos... e a nosa dignidade nacional.

O nome de Irlanda ten prós galegos e concretamente prós coruñeses, resoanzas lendarias. Lembrese as historias e as sagas dun e outro povo, que son tan comúns, así como tamén os seus costumes, edificacións, moimentos megalíticos, dereito consuetudinario, etc. Non en vao se afirma que deiquí, das costas coruñesas, saíron os povoadores da belida Verde Eirín."

"A lenda herculina dá por certo que na súa torre milenaria había un espello, dende o que se podía ollar aquelas terras..."

"Irlanda tivo semellantes problemas que os de Galicia, e soñru fa-

mes tremendas, como aquelas de meilados do século XIX que coase a despovoaron. Mais, povo forte e con confianza en si mesmo, foios superando pouco a pouco, inda que non no grado que ela cobizaba. A emigración viña sendo un mal antigo que privaba aquela raza dos seus millotes homes en beneficio doutras nacións, ás que os irlandeses deron "gór e grandes pulos".

"Os sociólogos i economistas galegos de derradeiro terzo do século XIX, puñan como exemplo de superación das suas pauliñas os bravos irlandeses. E asíñ Bráficas, o carballedes insíñe, houbo de compor uns versos estimulantes pra nós nos que como estribeiro se decía:

Erguete e anda, como en Irlanda, como en Irlanda".

"Agora parez que van desaparecer todos os problemas económicos que Irlanda tiña prantexados. Os observadores —ó dicir do xornal— estanse dando conta do troque que ali esa se operar"

"O novo espírito irlandés está representado na figura de Sean Lemass, o home sereo e práctico, que fai cinco anos sucedeu ó primeiro ministro Ramón de Valera. O seu acaz programa de industrialización criou novos empregos e riqueza. A diminución da poboación era unha ameaza latexante á supervivencia de Irlanda como povo."

"Mais dende 1955 foron construídas en Irlanda 160 fábricas con capitais irlandés e estranxeiro, e hai outras cincuenta a punto de se findende radios transistores e pianos dar. As novas fábricas criaron 21 000 postos de traballo e fabrican até grúas pesadas e quentadores de petróleo."

"A produción industrial aumentou nun 28% entre 1958 e 1961. Demais está dicir, que este trunfo está retendo o éisodo da poboación. E o número de emigrantes decreceu tan considerabelmente, qu até son moitos os qu voltan a traballar en outra vez na sua terra."

"¿Non é ilo admirábel? Sería de celebrar que os dous Pólos de Desenvolvemento con que Galicia vai a se enfrentar agora, serviran pra outro tanto como Irlanda conseguiu recentemente. Poñamos a nosa ollada aí e imitémoslle. Sigamos o seu exemplo e repitamos con Bráficas:

Erguete e anda, como en Irlanda, como en Irlanda".

A SITUACION POLITICA NA HESPAÑA

Tal como xa temos comentado en ocasións anteriores, a situación política na Hespaña ten entrado nunha xeira de desintegración que fai ver a posibilidade dun proximo alborar das nosas liberdades.

Novamente os estudantes, esa xuventude heroica que está interpretando barilmente os mais enxebres sentimentos populares, teñen dado unha mostra exemplar na loita contra a dictadura falanxista. Primeiro os estudantes da Universidade de Madrid e logo os das demais Universidades hespañolas, declarados en Asamblea Libre, desafiando as prohibicións das autoridades, reclamaron o seu dereito a elixir os seus propios dirixentes sindicais de xeito tal que o propio goberno resolveu reestructurar as organizacións estudantíes. Estamos pois nun compás de espera, vi-

vixiantes pra que non podan escamotear o trunfo acadado.

Desexamos destacar a intensa repercusión que tivo en Santiago de Compostela este movemento estudantil, rematado cun sinalado incidente no Hospital dos Reises co gallo das Festas Minervaeas.

Coincidentemente tense producido en Madrid unha manifestación obreira reclamando tamén as liberdades sindicais, manifestación que xuntou a máis de cinco mil obreiros, apesares da tremenda represión policial e das ameazas anunciadas polas autoridades.

Nesta promesa dun feliz alborar das liberdades, os galegos da Terra e da emigración debemos manternos a eispleita para sumar o noso esforzo e tamén para evitar que podan ser bulrados o nosos dereitos nacionais.

prendín as oracións dos nenos na primeira comunión, alborada da vida, e nas derradeiras liñas a ladaña dos agonizantes a meu abó no trance supremo, na hora do seu sol-pór.

Este libro, que eu lia diante de miña nai na igrexa parroquial, mentras o vello abade oficiaba o Santo Sacrificio estreméceme de medo. E cando vou chegar ás derradeiras follas, volto a póllo no seu sitio entre os outros sen me atrever, nen siquer, a lles tocar.

Pola fenestra aberta entra unha

bris mariñeira, subtil, e perfumada. Os paxaros voan cara aos seus niños, seus fogares abalados polo vento. Na lonxanía o Sol vai deitarse no mar, seu leito de azul eterno. E eu ollo o viro por onde aquela crúa mañán de marzal botéi a andar rumo ás terras de emigración. Ao ollar aquele carreiro, volto os ollos que tropezan cós de miña nai. E musito con voz tremante:

¡Miña casíña!

¡Meu lar...!

En Veloy, no meu fogar,

MONUMENTO A CASTELAO FOI SANCIONADA A LEI

A noticia de se ter concretado a lei pró moimento ao patriota galego Alfonso Rodríguez Castelao, comoven de xeito xubiloso a nosa coledividade. A mesma foi confirmada pola Cámara de Deputados na súa derradeira sesión ordinaria do mes de Outubro coa adhesión unánime de todos os sectores que a compoñen, finando así a xestión encetada anos atrás polo deputado Rubén Víctor M. Blanco, e actualizada agora na Cámara de Senadores onde o doutor Blanco ocupa unha banca.

A continuación transcribimos os fundamentos de tal proxecto: Señor Presidente:

O proxecto de lei que someto á consideración deste honorábel corpo é a reprodución de iniciativa que xuntamente cos por entón deputados nacionais don Francisco Rabanal, José Murias, A. Ricardo Fuertes, Ricardo Lavalle, Alberto Zubiarre, Angel Freytes, Alfredo Bilbao, Juan F. López Aguirre y Eleodoro M. Cortazar, apresente na Cámara de Deputados da Nación o 8 de Novembro de 1961.

Decía eu daquela, nos fundamentos do meu proxecto.

"O proxecto de lei que presento á consideración da Honorábel Cámara, ademais de ser a expresión dun xusto e merecido homaxe e responder a un longo e imperativo desexo, é fundamentalmente —xustiza é destacalo— a concreción dunha inspiración do Honorábel Concello Deliberante da cidade de Buenos Aires.

"En efecto; por ordenanza municipal número 16.357 sancionada o 14 de Xullo de 1960, denominouse Alfonso R. Castelao á prazola limitada polas ruas Bernardo de Irigoyen, Estados Unidos, Bernardo de Irigoyen (Este) e Independencia, da Capital Federal, nun outo e conceituoso homaxe, no qual os concellais señores Mamini e Tempra —autores da feliz iniciativa— Cuello e señora de la Peña, expresaron os outros méritos da escepcional figura que foi o patriota galego Alfonso R. Castelao.

"O autor da iniciativa debe superar a tentación de documentar en detalle a sinificación de Castelao, figura de escepción na política e na riquísima vida cultural e artística de Galiza. En prodixiosa actividade, presidida por un fondo fervor e por unha lealdade que non coñeceu xamais declinacións, foi político, médico, orador, pintor, escritor, autor teatral, debuxante, intelectual e humorista. E todo o fixo ben.

"Alfonso R. Castelao implicou dentro da Galiza emigrada a voz de esperanza, da esperanza sabiamente razoada, sen alardes premonitórios e sen audacias coercitivas. Ninguén como ele para saber que todo debe madurar, sobre-tudo, nunha Europa trafegada por tradicións de longos anos e nunha España secular que aínda non aglutinou a súa raigame de povos e que ele sentía fundamentalmente como un conxunto de coledividades autónomas, irmánadas e unidas no superior ideal nacional. Poriso, afir-

mando a tradición galega neste marco, viveu e morreu rodeado do respecto e consideración dos dirixentes doutros grupos nacionais —vascos e cataláns en especial— que respectaron a súa loita e compendéron a súa mensaxe.

EMIGRANTE

"Emigrante dende a súa primeira infancia, o seu destino americano tróuxoo a Buenos Aires e os seus primeiros amañeceres —alí no povo de Bernasconi— confirmaron o noso horizonte de pampa. Relembra sempre esa imborrábel visión infantil coa sombra do ombú simbólico, que o non abandonou despois, nunca, nas súas relacións humanas. Pódese afirmar que ese comezo americano en terra arxentina sinou despois, para toda a súa vida, o seu periplo de home e de artista. E máis tarde de político, cando o seu país desviando roitas historiadas, puxo a desazón dunha loita fratricida entre o pó dos camiños.

"Foi alí cando Castelao se xogou inteiro polo prestixio de Galiza. Antes habíao feito durante a República, que o levou ás Cortes en representación popular. E habíao confirmado no Estatuto, onde o povo galego ratificou en impresionante e imensa maioría o seu desexo de autonomía.

"Loitou e breigou por esa autonomía como político, como orador e como artista. Sinala ben Lois Secane ("Galicia Emigrante" Nº 17, año 1956) que os "affiches" de propaganda no plebiscito da autonomía de Galiza, realizados por Castelao, "dicián máis do saibo do Estatuto que un mitin"; "affiches" sobre grabado en linoleum para as pobres arcas dos partidos políticos galegos, pola súa barateza."

"E cando a autonomía debía ser sancionada, o cálculo frío dos resentidos desbotados —casta e rutina— fixo ferver o sangue baixo os céus estrelados.

"Castelao termou a pé esa andanda, e cando a esperanza morría entre índices acusadores e a indiferenza internacional dos trapalleiros da historia, percurou no esilio a verba de orde para continuar.

"Foi entón cando Buenos Aires lle deu acobillo —sober o fio da mesma pampa inicial—, e aquí loitou, e aquí apontou o seu destino emigrante á cata dunha Galiza ideal que algún día dirá a súa vez diferenciada. De esa Galiza popular que alumina a súa escepcional peza oratoria "Alba de Groria", pronunciada en Buenos Aires o Día de Galiza do ano 1948 e publicada en primorosa edición do ano 1951, que honra ao Centro Gallego de Buenos Aires.

"Despois de pintar alí Castelao unha alborada de gloria na terra galega. "Donde as planuras de Lugo, inzadas de bidueiros, até as rías de Pontevedra, oreoladas de piñeiros; dende as serras nutriciais do Miño, e a gorza montañosa do Sil, até a ponte de Ourense, onde se peitean as augas d-entrambos ríos; ou dende os cabos da costa brava onde o mar tece encaixes de Cama-

riñas, até o curuto do monte de Santa Tegra, que vence coa súa sombra os montes de Portugal, por todas partes xurde unha alborada de gloria. I evocar con poderosa imaxinación á Santa Compañía de mortos galegos, di Castelao que, "cando a Santa Compañía de mortos galegos, que acaba de pasar por diante da nosa imaxinación, se perde na espesura dunha froresta onxana, con esa mesma imaxinación veremos xurdir do Humus da Terra nai, da terra da nosa Terra, saturada de cinzas humanas, unha infinda moledume de lucifás e vagalumes, que son os seres inominados que ninguén lembra xá e que todos xuntos forman o substratum insobornábel da patria galega. Esas ánimas sen nome son as que criaron o idioma en que eu vos estou falando, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos e costumes, i en fin, o feito diferencial de Galiza. Elas son as que, en longas centurias de traballo, humanizaron o noso territorio patrio, infundíndole a todas as cousas que na nosa paisaxe se amostan o seu propio espírito, co que pode dialogar o noso corazón antigo e panteista. Elas son as que gardan e custodian, no sea da Terra-nai, os legados múltiples da nosa tradición, os xermes incorruptíbeis, da nosa futura historia, as fontes enxebres e purísimas do noso xenio racial. Esa moledume de lucifás representa o povo a enerxía colediva, que nunca nos traicionou, a enerxía colediva que nunca peresce, i, en fin, a esperanza celta, que nunca se cansa. Esa infinda moledume de lucifás e vagalumes representa o que nós fomos, o que nós somos e o que nós seremos sempre, sempre, sempre."

"Todo lle foi permitido porque, ademais dun político de primeira auga, era un artista dende sempre; prosista de singular predicamento, novelista, narrador, debuxante, pintor, conferenciante. Nada lle foi negado. E os seus derradeiros anos deborcaron na concreción dunha obra de sem-par valía, "Sempre en Galiza", verdadeira aleganza da realidade galega, cuilo millor liñaxe estriba en que nunca perde vixencia. Como o son sempre as obras fundamentais.

SEIVA

"Victor Luis Molinari —o poeta arxentino que máis se adecentou no misterio galaico— di no seu Itinerario galego, nunha síntese maxistral: "Se Rosalía é a frol e Curros o froito, e Valle Inclán a póla e Pondal a raíz, Castelao é a seiva". Ousevese ben: alí está a árbore; a Terra a ponto e o céu a ampara para que dea sombra benfeitora; alí está a frol, a póla e a raíz nutricia que a mantén. Pero sen a seiva que transmuda todos os seus valores e lle dá vida real —todo vendor peresce. E algo así como o pulo do sangue que verticaliza a vía do home e lle dá impulso crador."

"Castelao foi a seiva de Galiza. Nada podo concretarse cara ao futuro sen buscar a súa sombra aurenadora, porque foi fidel a Galiza —en longos e duros anos— e ao seu destino. Porque eisaltou as virtudes do seu povo e porque tivo a orgulleza de ser galego (cando moitos ocultaban a súa liñaxe), a súa figura foi en Buenos Aires o símbolo de Galiza emigrada. Esa Galiza emigrada que percura sober o asfalto porteño —sober a tristura do noso asfalto mestizado— a raíz teórica da súa seudade meiga que servirá de trampolín para un encontro decisivo.

"Poriso Castelao morreu en Buenos Aires e poriso puido dicirse na súa morte ("La Nación", 9 de xaneiro de 1950) que o galeguíño acricollado que dende o povo pampeano de Bernasconi lembrou saudoso a súa natal ría de Arousa —vía a luz primeira en Rianxo o 30 de xaneiro de 1886— inorante, tel vez, de canto lle reservaba a vida, fechou os seus ollos, os seus cansos ollos dun mirar bondoso e penetrante, baixo un céu que lle non resultaba estrano. Galiza estivo presente nas súas derradeiras verbas, no seu postremo ár arxentino. Porqu hai un fio invisíbel que controla os destinos humanos. Galiza e Buenos Aires criaron unha ponte —mellor dito, unha cabeceira de

A NOSA TERRA

REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite)

Redacción: AVENIDA BELGRANO 2186

UN ALERTA A COLEDIVIDADE

Perante os intentos dun pequeno grupo de persoas que tratan de artellar unha "comisión" para facer o profeitado monumento a Castelao, pretendendo arrastrar na súa manobra a prestixiosas entidades, en vez de axudar a artellar un grande movemento que abranga a toda a coledividade galega nese grande homaxe a noso guieiro, como xa se tiña eixecturando no comisión criada fai anos, a Irmandade Galega tense dirixido as principais entidades galegas de Bos Aires así, nalando a súa posición e alertándolas contra esa manobra que non queremos calificar. Para coñecemento dos nosos lectores e da coledividade en xeral, publicamos o texto das cartas remesas con ese gallo e nun proximo número faremos coñecer as respostas, que hoxe non podemos incluír por falla de espacio.

Da nosa outa consideración:

A coledividade galega comoveuse perante a noticia de se ter aprobado a lei pró monumento a Castelao. Como é de dominio público, a Cámara de Deputados da Nación Arxentina na súa derradeira sesión ordinaria do mes de outubro pasado confirmou a mesma coa adhesión unánime de todos os sectores. Con ilo, acháronse cumpridos os degaños da xestión encetada, primeiro polo deputado Rubén Víctor M. Blanco, anos atrás, e actualizada agora na Cámara de Senadores, onde o doutor Blanco ocupa neste intre unha banca. O impacto emocional no seo da nosa coledividade foi estraordinario; o monumento será erixido na praza que xa leva o nome do noso grande guieiro Castelao. Até aquí, os feitos promisorios que se prantean no que-facer patriótico da

ponte— que agarda a orden de chamada.

"Castelao morreu en Buenos Aires, porque dende Buenos Aires voltará á terra en viaxen faustosa —nova barca marcórea— para o milagro definitivo.

PEDIDO

"Pedimos, en 1961 a estatua para Castelao. O ano pasado a coledividade galega testemuñou nun desfile de xenuina entranza popular asua adhesión o 150 cabo dano da Revolución de Maio. Estaban alí os inmigrantes galegos na Argentina, os seus fillos, os seus netos. Os que teñen cantando en versos, pretas desaparecidos como, Bufano, González Carbalho e que cantas Bernárdez e Molinari.

"Pedímola agora, cando o Centro Ourenseño fai aparecer a reedición de Sempre en Galiza, e o Centro Gallego de Buenos Aires inaugura o teatro Castelao. E cando tantas outras entidades galegas levan a cabo tarefas sociais e culturais que honran a Buenos Aires.

"Poriso Buenos Aires debe de concretar a estatua de Castelao baixo o seu ceu bonarense, que o viu nos seus primeiros anos a xá tamén, cando o destino o había marcado para a eternidade. Máos de artistas arxentinos farán a súa estatua, custeada, por subscrición popular; para que a súa estatua fique aquí, cando a súa alma chegue a Galiza á cata do piñeiro que a ampare.

"Debe de ser unha estatua humana, carnal, propiciatoria, sen clima de moimento, como parrafeando co traseunte que pasa apresado. Unha estatua ao alcanzo da máos cos pés no chão, vixente de humanidade e de urxencia diaria. Como foi a vida deste traballador incansábel que percurou en Galiza a cruz do seu destino.

"E a Galiza emigrante, deste Buenos Aires do destino cumprirá así o seu homaxe de esperanza e de fé.

"Hoxe, en 1964, a figura de Castelao ten medrado na súa mainitude e vive —e vivirá sempre— rodeada do agorrio e do respecto de todos.

"Poriso, señor Presidente, reproduzo a miña iniciativa e pido a este honorábel corpo a súa aprobación. Rubén Víctor M. Blanco,

nos coledividade. Mais fagamos historia:

Fai anos, conscentes da xerarquía nacional de Castelao, e co patrocinio do Centro Gallego de Buenos Aires, criouse unha Comisión Pró Monumento a Castelao, na que primou o senso de representación da coledividade, sen esclusiones, polo tanto estaban alí presentes todos os seus organismos, e inclusive, criouse un fondo de capital con ese gallo, do que é depositario o mesmo Centro Gallego. O que quer dicir, que a devandita Comisión, ó subsistir, ten vixencia e compra, pois, prima face, ou disolvela (e neste caso corresponde citar a todas as entidades integrantes), ou a pór en función, xa que as condicións para que foi criada están agora dadas. Non se procedendo así, as entidades que hoxe están intentando constituiren outra nova Comisión Pró Monumento a Castelao, integrada exclusivamente polo Centro Gallego e os Centros Provinciais, incorren na máis elemental falla de seriedade, amén de usurpación dos dereitos inalienábeis da coledividade, a que, de ningún xeito, está dinposta a toleralo.

Entendemos que houbo persoas que promoveron o trámite a prol do monumento a Castelao perante as autoridades nacionais, e para elas, co recoñecemento do seu mérito vai o noso agradecemento. Ma's tamén entendemos, que nen esas persoas nen o Centro Gallego e os catro Centros Provinciais, teñen, moito propio, autoridade dabonco como para se arrogaren a representación da coledividade; e menos aínda ó se tratar da figura de Castelao, guieiro indiscutido do noso povo, e polo mesmo, persoal de eminentemente política en Galiza primeiro, e na emigración após, quen enxamais se limitou a un sector, neste caso apolítico, cal é o Centro Gallego e os catro Centros Provinciais; que o era sí, da súa "Galiza Ideal", sen contubernios nen intrigas, na cal cabían todos os homes i entidades da emigración, e fielmente interpretada polo Consello de Galiza e Irmandade Galega, organismos político-patrióticos, criados por ele mesmo, que apulan con barileza a bandeira da autodeterminación da Patria galega, da que Castelao fixo un apostolado.

Conscentes destes feitos i estes principios, damos que o homaxe non bronce a Castelao terá de ser obra de todos os galegos que moramos na emigración; entidades e persoas, sen esclusiones, arredor da inmortal figura que nos orgullece a todos por igual, porque interpretou fielmente as arelas do noso povo, do noso país, da nosa Patria. Non o entender así, ademais de apeguñar a figura nacional do noso guieiro, levará á coledividade a un enfrentamento que a todo custo compre evitar.

Sen máis, saudamos a Vte. e demais membros desa honorábel Xunta Diretiva, coa meirande estimanza.

A LEI

Artículo 1º — Autorízase a erección dun moimento ao patriota galego Alfonso Rodríguez Castelao, o que será situado na plaza de leva a seu nome, limitada polas ruas Bernardo de Irigoyen, Estados Unidos, Bernardo de Irigoyen (Este) e Independencia, da cidade de Buenos Aires.

Art. 2º — Dentro dos sesenta días da promulgación desta lei, o Poder Executivo procederá a constituir unha comisión popular que terá a seu cargo todo o tocante á execución do moimento, e na que terán representación as entidades da coledividade galega.

Art. 3º — A obra deberá de ser adxudicada mediante un concurso que se efectuará exclusivamente entre artistas arxentinos, quedando facultada a comisión popular para determinar as bases e condicións que rexirán a realización dos proxectos.

Art. 4º — Os fondos para a construción do moimento e demais despesas que demande o cumprimento desta lei, serán outidos por subscrición popular orgaizada de conformidade ao procedemento que determine a comisión criada no artigo segundo, ficando a administración dos fondos que se arrecaden suxeita ás disposicións da lei de contabilidade.

Art. 5º — Comuníquese ao Poder Executivo.